

PLAN DE FINANCIAMENTO
DO SISTEMA
UNIVERSITARIO DE GALICIA
2011-2015

ANEXO

ÍNDICE

I.- ANTECEDENTES	7
II.- PRINCIPIOS DO NOVO PLAN DE FINANCIAMENTO	12
III.- BREVE DIAGNOSE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA	16
IV.- OBXECTIVOS DO PLAN	36
V.-ESTRUTURA DO PLAN	39
VI.- ÁREAS DE ACCIÓN	41
VII.- FINANCIAMENTO ESTRUTURAL	57
VIII.- FINANCIAMENTO POR RESULTADOS	61
IX.- FINANCIAMENTO POR MELLORA DA CALIDADE	63
X.- PLANS DE SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DAS UNIVERSIDADES DO SUG.	65

I.- ANTECEDENTES

En virtude do Real Decreto 1754/1987, de 28 de decembro, concédeselle á Comunidade Autónoma de Galicia o traspaso dos servizos, institucións e medios persoais, materiais e orzamentarios en materia de universidades.

A Lei 11/1989 do 20 de xullo, de Ordenación do Sistema Universitario de Galicia (SUG), creou unha nova situación no ámbito universitario de Galicia.

O desenvolvemento do SUG, formado polas Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, esixiu dun grande investimento para facer posible a realización das infraestruturas e dotacións materiais, pero tamén de moitos recursos humanos.

PRIMEIRO PLAN DE FINANCIAMENTO 1990-1996

O primeiro Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia cubría o espazo temporal comprendido entre os anos 1990 e 1996.

O seu obxectivo fundamental era o de achegar os fondos necesarios para dotar mellor ás da Coruña e Vigo e reducir as diferenzas entre as tres universidades galegas, situándoas ao mesmo nivel que as do resto do Estado español.

Para cuantificar as contribucións necesarias empregáronse como elementos fundamentais de referencia o número de alumnos que debería ser crecente ao longo do tempo de duración do Plan, segundo os estudos demográficos, e o número de centros que se porían en funcionamento para dar cobertura académica a ditos alumnos e completar o mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia.

O investimento do plan ascendeu a 1.035.385.295,72 euros.

PRÓRROGA DO PRIMEIRO PLAN DE FINANCIAMENTO 1996-1999

Este Plan de Financiamento foi prorrogado ata 1999 a través duns acordos de financiamento entre a Comunidade Autónoma de Galicia e as tres universidades, propiciados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e que foron asinados en xaneiro de 1998.

A contribución da Xunta de Galicia para estes dous anos, 1998 e 1999, foi de 432.417.385 euros.

SEGUNDO PLAN DE FINANCIAMENTO 2000-2003

Unha vez rematada esta prórroga, elaborouse un novo plan de financiamento 2000-2003.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria considerou a posibilidade de elaboración dun plan de financiamento máis realista que o anterior, que se baseaba nun módulo por alumno, xa que non todas as titulacións custan o mesmo, senón que o seu custo depende de factores como o grao de experimentalidade da titulación ou o ciclo académico no que se imparta a docencia. Por outra parte, o plan debía axustarse ás demandas das universidades, é dicir, debía ser plurianual e progresivo, de acordo coa matrícula real.

O 27 de xaneiro de 2000 asinouse un novo acordo de financiamento do Sistema Universitario de Galicia entre as Consellerías de Economía e Facenda e de Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades de Galicia para o período 2000-2003.

En termos cuantitativos e como resultado da aplicación do Plan de Financiamento as universidades recibiron da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria un total de 877.701.025 euros

TERCEIRO PLAN DE FINANCIAMENTO 2005-2010

No ano 2003, e ante a próxima finalización do plan en vigor, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria abordou de novo a elaboración dun plan de financiamento cun horizonte temporal amplo que tivese en conta as necesidades financeiras das universidades ante o próximo reto da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES)

Neste proceso de elaboración facíase absolutamente preciso reflexionar sobre a diferente realidade á que se enfrontaban as universidades galegas respecto da que existía no momento da elaboración do Plan de Financiamento en vías de extinción.

Para poder estimar o gasto de persoal realmente necesario en cada universidade, a Dirección Xeral de Universidades da Xunta de Galicia solicitou a mediados de Xuño de 2003 unha serie de información ás diferentes universidades para prorrogar o plan 2000-2003 durante o ano 2004.

Finalmente, despois de acordarse cos reitores e recibir o informe favorable do Consello Galego de Universidades, o novo Plan de Financiamento 2005-2010 foi aprobado no Consello da

Xunta de Galicia o 25 de novembro de 2004 e posteriormente foi asinado en presenza do Presidente da Xunta en Raxoi, o 29 do mesmo mes, polos responsables das tres Consellerías da Xunta competentes na materia, Educación e Ordenación Universitaria, Economía e Facenda e Innovación e Industria, e os reitores das tres universidades de Galicia.

Este plan tiña unha estrutura baseada nos seguintes apartados:

- Fondo de financiamento non condicionado: por este concepto cada universidade percibiu un importe equivalente aos créditos desa natureza ~~no~~ transferidos no exercicio anterior, incrementados nun 7,77% e cuxa evolución dependería da variación experimentada polos ingresos non financeiros dos orzamentos consolidados da Xunta de Galicia.
- Fondo de calidade: distribuído segundo criterios competitivos e integrado por tres partidas diferentes: Sexenios e Complementos Autonómicos, Contratos-Programa e Apoio á investigación e desenvolvemento universitario. A taxa de evolución destas partidas fixouse no 10% no exercicio 2006, o 13% nos anos 2007 e 2008 e o 16% nos exercicios 2009 e 2010.
- Fondo de participación no Plan Galego de I+D+I: este fondo, xestionado pola Consellería competente, sería distribuído en réxime competitivo e a súa taxa de evolución sería a mesma establecida para o Fondo de Calidade.
- Fondo de investimentos: concepto previsto para financiar investimento novo ou de reposición, ampliación e mellora e dotado dunha cantidade inalterable de 17.429.352 euros nos anos de vixencia do plan.
- Fondo de nivelación: de carácter non condicionado e asignado ás universidades de Vigo e A Coruña para favorecer a converxencia interna do SUG, cunha evolución equivalente á experimentada polos ingresos non financeiros dos orzamentos consolidados da Xunta de Galicia máis un punto.
- Outras achegas ao Plan: neste apartado incluíronse achegas do SERGAS para dotación de prazas vinculadas cuxas contías variarían en función dos incrementos retributivos, básicos e complementarios, do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma e achegas para o financiamento do INEF de Galicia que serían transferidas á Universidade da Coruña.
- Achegas a través de convenios: considéranse parte do financiamento do sistema os recursos proporcionados ás universidades a través de convenios coas distintas consellerías, entidades e organismos da Comunidade Autónoma. Non están suxeitas a contía determinada.
- Achegas ao Plan de Saneamento da Universidade de Santiago de Compostela: destinado a completar as contías que percibiría esta universidade con cargo ao plan de xeito que nos anos 2007 e 2008 transferíronse 1.350.000 euros respectivamente.

As previsións contidas no plan 2005-2010 eran as seguintes:

	2005	2010	Taxa de crecemento 2005-2010
Fondo non condicionado	229.496.382,00	314.429.932,28	37,01%
Fondo de calidade	39.320.269,00	74.315.949,49	89,00%
Sexenios + Complementos Autonómicos	10.640.000,00	20.109.773,47	
Contratos Programa	2.429.000,00	4.590.849,60	
Apoio á Investigación	5.250.254,00	9.923.065,66	
Investigación (Plan Galego de I+D+i)	21.001.015,00	39.692.260,75	
Fondo de Investimentos	17.429.352,00	17.429.352,00	0,00%
Fondo de Nivelación	5.000.000,00	7.178.146,63	43,56%
Outras achegas ao Plan	7.756.262,00	8.991.633,45	15,93%
INEF	2.833.399,00	3.284.686,00	
Prazas vinculadas ao SERGAS	4.922.863,00	5.706.947,45	
ACHEGA TOTAL ESTIMADA	299.002.265,00	422.345.013,85	41,25%

A actual crise económica, incidiu negativamente nos últimos anos de vixencia do plan anterior. No espírito dese plan atopábase a idea de incrementar notablemente os recursos postos a disposición das universidades galegas para que estas puideran acercarse á media española e europea.

A excesiva dependencia das achegas, en concreto o fondo non condicionado, da evolución dos ingresos non financeiros dos orzamentos consolidados da Xunta de Galicia que, no momento da aprobación do plan estimábase crecerían a unha media anual dun 6,5%, determinou a necesidade de incrementar o financiamento das universidades mediante achegas complementarias nos exercicios 2009 e 2010, de 13.911.794 euros e 28.284.496 euros respectivamente, para compensar as caídas da taxa de ingresos non financeiros que nestes anos situouse nun -2% e -11,284%.

**EVOLUCIÓN DOS INGRESOS NON FINANCEIROS DOS ORZAMENTOS
CONSOLIDADOS DA XUNTA DE GALICIA**

2006	2007	2008	2009	2010
9,60%	8,90%	8,28%	-2%	-11,284%

Deste xeito as cifras reais da execución do plan, incluídas as achegas complementarias, foron as seguintes:

	2005	2010	ESTIMADO 2010
ACHEGA TOTAL	300.719.001,60	391.901.006,09	422.345.013,85

II.- PRINCIPIOS DO NOVO PLAN DE FINANCIAMENTO

O Plan de financiamento 2005-2010, se ben serviu para dar estabilidade á planificación a medio prazo das tres universidades galegas, demostrou unha serie de debilidades que deben ser superadas polo novo plan de financiamento.

Os cambios producidos no contexto académico e económico, fixeron necesaria en poucos anos a modificación dos tradicionais criterios de financiamento, baseados nun só indicador que non reflicte a complexidade e necesidades das universidades para afrontar os desafíos do século XXI.

O remate da vixencia do plan anterior é coincidente cun momento de especial transcendencia para o sistema universitario como é o final do proceso de transformación das titulacións universitarias para adaptarse ao Espazo Europeo de Educación Superior. Este novo período basease nunha docencia máis próxima ao alumnado, cunhas doses máis elevadas de practicidade, desenvolvemento de capacidades e emprego de medios tecnolóxicos. Inevitablemente estas características fan necesaria unha maior achega de recursos para desenvolvelo de xeito adecuado e procurar unha mellora da calidade docente. E todo iso debe afrontarse nun marco de crise económica que afecta a todos e cada un dos sectores da sociedade, incluído o eido universitario.

Ante este novo escenario, o novo plan de financiamento ten que servir, á vez, para facilitar novos recursos ás universidades, pero tamén para ordenar integralmente o sistema universitario galego. Os novos recursos teñen que atender ás necesidades das universidades galegas pero tamén debe comprometer ás institucións universitarias na satisfacción eficiente das necesidades sociais e económicas que Galicia terá no futuro.

Partindo deste contexto, os principios que deben estar presentes no novo modelo de financiamento universitario para Galicia serán os seguintes:

■ **Estabilidade financeira**

O plan de financiamento definirá un horizonte a medio prazo (2011-2015) para os recursos cos que poderán contar as universidades do SUG.

Será un modelo orientado á obtención de resultados contrastables nos ámbitos fundamentais da actividade universitaria (docencia, investigación, desenvolvemento tecnolóxico, transferencia de coñecemento e innovación).

O compromiso de estabilidade financeira permitirá atender as necesidades básicas das universidades, mentres o resto de recursos a obter por cada institución calcularanse en proporción aos resultados obtidos pola mesma.

Incentivarase que as universidades diversifiquen as súas fontes de financiamento, incrementando a porcentaxe que representan nos seus ingresos.

As universidades deberán facer un esforzo de estabilidade financeira en dous campos. Dunha banda, facendo unha programación plurianual que teña en conta as expectativas nacionais e autonómicas en financiamento universitario. Doutra, aproveitando o tempo de duración dos planos de austeridade para reducir o déficit público do Estado, para acometer as necesarias reorganizacións internas.

■ Suficiencia

O plan de financiamento garantizará uns recursos que permitan atender os servizos das universidades no momento inicial (suficiencia estática) e asegurar que evolucionarán co volume de actividade (suficiencia dinámica).

Para garantir a suficiencia inicial o volume de recursos por unidade de servizo nas actividades docentes, que son as máis regulares, deberá cubrir os custes estándar asociados ás mesmas e o custes estruturais.

A evolución dos recursos aportados polo plan de financiamento, en termos reais, deberá corresponderse coa traxectoria do volume de servizos proporcionados por cada unha das universidades do SUG.

Para valorar a evolución do volume de servizos e a suficiencia dos recursos reais ao longo do tempo necesítase dispor de índices de actividade ben xustificadas, idóneos, calculables regularmente e de xeito efectivo e con garantías de fiabilidade.

A suficiencia do sistema require computar tamén a cantidade de recursos xerados polas propias universidades (taxas, prezos públicos, mecenados, ...)

■ Eficiencia

O Plan de financiamento debe promover a asignación de recursos polos resultados obtidos nas distintas actividades das universidades (docencia, investigación e transferencia) así como incentivar as melloras de calidade en todos os ámbitos da súa actuación.

A eficiencia é a relación entre os resultados obtidos e os recursos empregados para obtelos. A eficiencia mídese, por tanto, dividindo *output* por *input*. Posto que hai moitas clases de *outputs* e *inputs*, tamén se pode falar de múltiples tipos de eficiencia.

A eficiencia nas universidades medirá os resultados docentes en función dos recursos humanos utilizados; os retornos sociais e de coñecemento aplicado froito das investigacións efectuadas; e as melloras de calidade producidas no sistema.

Algúns dos resultados de mellora desexados, detállanse un pouco máis abaixo.

O plan de financiamento promoverá unha asignación dos recursos entre universidades e no interior das mesmas que impulse a obtención de resultados, reduza a porcentaxe de recursos que permanecen improdutivos e incentive as melloras na calidade en tódolos ámbitos.

O plan promoverá que a asignación de recursos se guíe fundamentalmente polo resultados obtidos nas diferentes actividades universitarias (docencia, investigación e transferencia) e non pola evolución dos custos nos que se incorre.

A asignación de recursos deberá favorecer a eliminación das debilidades e deficiencias de funcionamento máis evidentes das universidades, impulsando as seguintes melloras:

- O axuste da oferta á demanda de estudos: reducindo os custes de manter a oferta docente excedente ou non atender parte das demandas insatisfeitas permanentes.
- A redución da carga docente presencial: moi superior á de outros países e que non se está a reducir, dificultando a adaptación a unha ensinanza máis activa.
- A redución e homoxeneización do tamaño dos grupos: facilitando a transición ao tipo de ensinanza/aprendizaxe que promove o proceso de Bolonia e combatendo o trato desigual aos estudantes que se deriva dunha desigual asignación dos recursos.
- O aproveitamento discente: aumentando o rendemento dunha parte importante do alumnado e reducindo o importante número de abandonos, tanto temperás como tardíos.
- O recoñecemento efectivo da diversidade de actividades do profesorado: facendo patente máis aló do recoñecemento honorífico, que, aínda que se supón unha similar distribución do tempo de traballo dedicado á actividade docente e investigadora para a maior parte do profesorado, en realidade a maior parte da investigación se concentra en determinados contornos.
- A redución das investigacións cuxos custos indirectos sexan moi superiores aos resultados potenciais a obter polas mesmas, evitando a atomización e a dispersión dos esforzos investigadores.
- A maior atención ás actividades de transferencia: promovendo a captación de proxectos e recursos, que polo momento son, en xeral, escasos, e intensificando o esforzo por ofrecer servizos de formación continua aos profesionais e as empresas.

- O recoñecemento e apoio aos grupos de excelencia: tanto a aqueles que acadan niveis de recoñecemento internacional na actividade investigadora e/ou na formación de posgraos, como os que destacan pola súa vinculación e as súas contribucións á mellora do tecido produtivo.
- As actividades estratéxicas de atracción e promoción de talento tanto para estudantes como para profesores e investigadores, dentro dunha estratexia de internacionalización.

■ **Equidade institucional**

O plan distribuirá os recursos públicos entre as tres universidades do SUG de xeito transparente e neutral.

Para iso utilizaranse criterios explícitos e, na súa maior parte, proporcionais a actividade de cada universidade.

O plan tratará por igual o homoxéneo e xustificará o recoñecemento das diferenzas seguindo criterios explícitos. O plan debe manter criterios de financiamento ao longo do tempo e aplicalos con independencia da institución de que se trate.

O plan incorporará criterios xerais de avaliación, de fácil obtención e comprensión, como o alumnado equivalente en termos de dedicación a tempo completo, a produción científica, ou os recursos captados en convocatorias externas.

Xunto a eles, existirá un recoñecemento ás situacións diferenciais dentro das universidades. A historia, a diferenza de infraestruturas, ás bolsas de excelencia, serán algúns dos feitos heteroxéneos que terán recollida no plan.

Todo iso sen esquecer que é obrigatorio contemplar o sistema universitario galego como tal, garantindo que os sete campus que o compoñen disporán dun conxunto de recursos materiais e humanos axeitados para cumprir as súas obrigas cunha calidade elevada.

A axeitada valoración dos resultados por estas vías será de grande utilidade ás universidades para identificar o seu volume de servizos, as súas bolsas de inactividade e as posibilidades de especializarse en maior ou menor medida en distintos tipos de actividade. Unha vez definido o modelo e as subvencións outorgadas sobre a base de cada resultado, as universidades poden avaliar as consecuencias da súa especialización e a súa produtividade, é dicir, de intensificar ou reducir a provisión de cada un dos servizos docentes, de investigación ou transferencia.

No apartado de desenvolvemento da estrutura do plan, farase mención explícita en cada un dos indicadores sobre a súa relación co apartado correspondente de dito esquema, así como a súa contribución ao logro de cada un destes principios.

III.- BREVE DIAGNOSE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

A creación das Universidades da Coruña e Vigo a finais dos anos oitenta veu xustificada fundamentalmente polo crecemento exponencial do número de alumnos e, consecuentemente, o excesivo tamaño global e a dificultade de xestionar de xeito centralizado unha institución con 100.000 alumnos e máis de 10.000 empregados. Con máis autonomía, puidéronse pór en práctica novas formas de xestión e proxectos diferentes que deron bos resultados e serven hoxe de modelo de referencia; así, naceron departamentos universitarios que alcanzaron rapidamente un status de excelencia recoñecido en España e fóra dela; e creáronse infraestruturas universitarias (campus) nas principais áreas urbanas de Galicia, co que iso leva en termos de porosidade entre a universidade e a súa contorna.

A continuación inclúese unha breve diagnose xeral da situación do SUG baseada na última información dispoñible sobre as universidades galegas. Desta información pódense obter a modo de síntese, as seguintes conclusións referentes á diagnose do SUG

1) España (8ª economía mundial), non ten ningunha universidade situada entre as 100 primeiras do mundo e catro entre as 125 primeiras de Europa, delas só unha se encontra entre as 80 primeiras, isto condiciona evidentemente o posto das Universidades do SUG. Así, a primeira universidade do SUG na lista elaborada anualmente por SCImago Country Rank é a USC na posición 9 dentro do ámbito nacional e na posición 327 dentro do ámbito internacional, adiantando a universidades como as politécnicas de Valencia e Madrid ou incluso á propia universidade do País Vasco. A seguinte na lista é a UVIGO nas posicións 15 e 564. Finalmente o UDC ocupa os postos 34 e 868.

En canto a produción científica galega pódese dicir que se multiplicou por dous na última década, contribuíndo dunha maneira protagonista a Universidade. Indubidablemente, o SUG, ao igual que SUE radica nun contexto científico-tecnolóxico feble, cun nivel baixo de gasto en I+D+i (0,90% PIB no 2006 e un 1,03% PIB no 2007) no contexto dos países da UE-25 (1,85% PIB nos 2006 e 2007) a pesar do esforzo dos últimos anos.

2) No eido dos servizos de educación superior, as universidades galegas presentan uns resultados acordes coa magnitude dos recursos que empregan, pero é necesario facer as seguintes matizacións:

a) No plano da inserción laboral obsérvanse algunhas dificultades específicas:

I.-A evolución das taxas de paro por niveis de formación, revela con claridade a mellor empregabilidade dos titulados superiores e, o máis relevante, a maior resistencia dos seus empregos e das empresas nas que traballan. Ao igual que o caso español, en Galicia as taxas de desemprego son menores no segmento dos universitarios que noutros casos.

II.-Nembargantes, os egresados universitarios galegos presentan unhas taxas de paro máis elevadas que o caso español, tanto no que se refire no paro de 25-64 anos, como no de 25-34 anos, e tanto no caso masculino coma no feminino. Isto é especialmente grave dado que a taxa de paro en España xa é tamén superior ao caso da UE19 ou a do OCDE, se ben isto último está relacionado coa situación diferencial do mercado de traballo español. Nembargantes, Galicia presenta, en comparación con España, menores taxas de desemprego noutros niveis educativos (educación primaria e secundaria), o que pon de manifesto unha inadecuación do noso sistema educativo galego á realidade empresarial do contorno.

III.-Por outra banda, o tempo que tarda un universitario en Galicia en atopar o seu primeiro emprego e similar á media nacional, sendo lixeiramente inferior.

IV.-Case un 75% dos alumnos que acceden a estudos universitarios fano na titulación que elixen como primeira opción, feito que repercute positivamente na satisfacción dos titulados cos seus estudos.

Máis do 45% dos titulados rematou a titulación nos anos estipulados no plan de estudos, mentres que un 33,18% tarda un ou dous anos máis do planificado.

O 35,24% dos titulados considera que desde a súa universidade se lles facilitou bastante ou moito a realización de prácticas en empresas ou institucións. O 62% realizaron prácticas externas, considerándoas bastante ou moi útiles para a inserción laboral.

Internet aparece como a vía máis utilizada de busca de emprego polos titulados, seguida de Candidatura Espontánea.

Entre os titulados, catro vías concentran o 61,45% dos primeiros empregos: Internet, Candidatura Espontánea, Familiares/amizades e Prolongación de prácticas.

O 62% dos titulados tarda tres meses ou menos en atopar o seu primeiro emprego despois da titulación. De media, os titulados tardan 4,79 meses en atopar o seu primeiro emprego.

O 34% de titulados do curso 2006-2007 continúa estudos universitarios, mentres que un 30% prepara oposicións.

A porcentaxe de titulados que está traballando é do 66%. A porcentaxe de titulados que está traballando, pero que o fan nun posto non relacionado coa súa titulación é do 3,37%.

O 80% dos titulados considera que o posto de traballo se adecúa moito ou bastante á titulación obtida, mentres que o 56% considera que o grao de consonancia entre a situación laboral acadada e o esforzo realizado ao cursar a titulación é alta ou moi alta.

As competencias consideradas como máis importantes para o traballo actual son Motivación, Capacidade para a aprendizaxe, Capacidade para resolver problemas, Comunicación oral, Capacidade de asumir responsabilidades e Traballo en equipo.

A maioría dos titulados considera necesaria, por parte da universidade, unha maior información para a procura de emprego.

- b) No ámbito da equidade destaca un trazo diferencial do Sistema Universitario Español no seu conxunto, xa que o esforzo en bolsas e axudas ao estudio non acada o 30% do esforzo medio da OCDE. Así a porcentaxe de beneficiarios de bolsas e axudas ao estudio en España supera lixeiramente o 20%, unha cifra claramente inferior á maioría dos países do noso contorno. En Galicia, os datos son diferentes en función da universidade que analicemos. Así, mentres nas universidades de Vigo e Coruña presentan datos moi similares ao caso español, na Universidade de Santiago a porcentaxe de beneficiarios de axudas é superior ao 30%.
- c) A adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, e a correspondente implantación de novas metodoloxías de ensino aprendizaxe, debería supor para o actual mapa de titulacións un esforzo de cambio caracterizado por:
 - I.-Modificación da actividade docente presencial da maioría dos plans de estudo.
 - II.-Optimización da oferta docente, especialmente en grao e máster, evitando excesos de oferta (duplicidades non xustificadas) e potenciando a mobilidade do profesorado e dos estudantes.
 - III.-Implantación de novos graos sempre que estea garantido un tamaño e un fluxo suficiente de demanda de estudantes de novo ingreso.
 - IV.-Reprogramación, con redución da actual oferta, dos masteres en función das fortalezas nos recursos humanos, na demanda (con atención especial á internacionalización) e no grao de excelencia científica.
 - V.-Mellora da atención do profesorado ao alumno, e maior dispoñibilidade de recursos para a aprendizaxe.
- d) O recente despregamento do novo mapa de titulacións do EEES introduce a necesidade de repensar a capacidade do actual sistema de gobernanza do SUG, tanto nas propias universidades como no goberno autónomo, en aras de rendibilizar a achega de novos recursos, cun uso eficiente e eficaz dos mesmos.

Recoñecendo o esforzo levado a cabo polas universidades para transformar as súas titulacións ao novo sistema en moi pouco tempo e con escasos recursos adicionais hai que dicir que o proceso de transformación das titulacións ao EEES non foi plenamente satisfactorio, con defectos de aplicación tanto no sistema universitario como na administración educativa. A consecuencia principal foi a falta de mellora na adecuación da oferta formativa universitaria á demanda da sociedade en xeral, e ao mercado laboral en particular.

As anteriores conclusións non son dunha gravidade menor, e poñen sobre a mesa, a necesidade de condicionar a chegada de novos recursos á existencia de políticas que eviten ou restrinxan estas ineficiencias e á obtención de resultados medibles e obxectivos por parte das universidades na corrección das ineficiencias citadas.

3) A produción científica achegada polo sistema universitario ao Estado español mantense case constante dende o 5,37% do ano 2002 ao 4,99% do ano 2007. Así mesmo é notable o incremento de publicacións ISI do SUG no período 2002-2007, pasando de 1.759 publicacións en 2002 a 2.112 no ano 2007. Cómpre destacar á UVIGO que no ano 2009 superou por primeira vez na historia á USC, en número de publicacións ISI, segundo se recolle no *Ránking de 2009 en investigación de las universidades públicas* elaborado pola Universidade de Granada (publicado en *Psicothema* 2010. Vol. 22, nº 2, pp. 171-179). No devandito estudo, a UVIGO aparece no posto 13 do total de universidades do SUE, a USC no posto 20 e a UDC no posto 46.

No mesmo período 2002-2007 o número de patentes, tanto de carácter nacional como internacional, viuse incrementado pasando de 30 a 42 no ámbito nacional e de 4 a 11 no ámbito internacional.

4) No ámbito dos servizos de Transferencia do Coñecemento e de Innovación os resultados son moi modestos. A balanza comercial tecnolóxica pon en evidencia que as exportacións de produtos de alta tecnoloxía seguen sen despegar provocando unha profunda dependencia exterior nese segmento estratéxico. As únicas exportacións que seguiron unha senda de permanente crecemento nos últimos anos foron as de produtos de tecnoloxía medio-baixa e baixa, reforzando a nosa especialización neste pouco estratéxico segmento. A investigación galega, non contribúe de forma efectiva a mellorar o saldo do mercado exterior de produtos de media e alta tecnoloxía e xera patentes nunha proporción de menos do 7% do que fan o resto das comunidades autónomas.

Estes resultados son tamén debidos a que o esforzo investidor privado en I+D vén condicionado polo tecido empresarial onde a *Enquisa sobre innovación tecnolóxica das empresas do INE* de 2008 sinala que en Galicia 2.500 empresas realizan I+D cunha contía que representa un escaso 5% do total do estado español. Son todas elas cifras significativamente máis pequenas que as dos países avanzados do noso entorno.

Os datos da *Enquisa de innovación* reflicten que os principais factores que dificultan as actividades de innovación entre as empresas galegas están relacionados co aspecto financeiro da innovación (custo da innovación, falta de financiamento externo e falta de fondos propios). Polo que se pode observar, os factores financeiros afectan en maior medida ás empresas innovadoras galegas que ás do resto de España. Outra importante barreira para estas empresas é o dominio do mercado por empresas xa establecidas.

Con todo, aínda que os datos son pouco alentadores tamén debese salientar que o esforzo realizado nos últimos dez anos por parte das universidades para crear novos espazos de interacción entre o sector académico e o mundo produtivo foi moi importante debido á mellora da política das OTRIS, Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación da UDC, Centro de Innovación e Transferencia de Tecnoloxía da USC (CITT), Oficina de I+D - Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación da UVIGO (OTRI), Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA), Fundación Universidade da Coruña (FUAC), á creación de incubadoras para o acompañamento do crecente número de empresas de base tecnolóxica e especialmente dos parques científicos e tecnolóxicos.

5) A evolución do estudantado e do persoal das universidades durante o anterior plan de financiamento.

■ Estudantes

O número de estudantes matriculados nas tres universidades do SUG presenta un constante descenso nos últimos anos, pasando de 80.537 no curso 2004-2005, ano no que entrou en vigor o último Plan de financiamento, aos 64.305 alumnos matriculados de primeiro e segundo ciclo e grao no curso 2009-2010.

No curso 2008-09 os 65.560 alumnos do SUG supoñían un 5,53% do total de estudantes universitarios de España, o que sitúa a Galicia no quinto posto por número de estudantes universitarios a nivel nacional. Destes, graduáronse un total de 9.608 alumnos (o 5,35% dos graduados españois) situando a Galicia no 7º posto a nivel nacional.

Por outra banda, o número de estudantes de programas de doutoramento tamén descendeu lixeiramente entre os cursos 2004-05 ao 2008-09 pasando de 3.783 a 3.460, última cifra á que debemos engadir os 2.077 estudantes matriculados en masters oficiais no curso 2008-09.

■ Persoal Docente e Investigador

O PDI do SUG, pasou, segundo datos proporcionados polas propias universidades á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dos 5.085 do curso 2005-06 aos 5.320 do curso 2009-10.

O incremento advertiuse no profesorado contratado que pasou de 1.777 no curso 2005-06 aos 2.130 do curso 2009-10. Mentres, o persoal pertencente a corpos docentes universitarios diminuíu o seu peso pasando nese intervalo temporal de 3.308 a 3.190 efectivos.

Nos anos de vixencia do plan de financiamento o peso do profesorado funcionario descendeu do 63,62% do 2005 ata o 55,63% do 2010, mentres a tendencia foi a inversa no caso dos profesores contratados que pasaron de supoñer un 36,37% no 2005 ao 44,36% actual. Pola súa banda a porcentaxe de profesores doutores mantívose practicamente inalterable no 67%.

Da análise da estrutura do persoal de corpos docentes universitarios destaca o número de profesores titulares que pasan de supoñer un 57,13% no curso 2005-06 ao 60,5% no curso 2009-10, tendencia ascendente que tamén se advirte nos catedráticos que evolucionan do 16,6% ao 20,28%. Por outra banda produce unha lóxica diminución dos corpos de catedráticos e de profesores titulares de escolas universitarias que pasaron de 147 a 108 e de 581 a 462 efectivos entre os cursos 2005-06 e 2009-10.

Nas diversas figuras de profesorado contratado as variacións máis fortes veñen determinadas polos cambios lexislativos, e así os anteriores á LOU pasan de supoñer un 48,33% do total en 2005-06 a representar un 12,53% no curso 2009-10. Neste último curso son as figuras de profesor asociado cun 29,34% e de profesor contratado doutor, cun 26,43% as que supoñen un maior peso na estrutura deste tipo de persoal. Así mesmo os PACS pasaron de ter un peso do 2,53% no curso 2005-06 ao 12,53% no curso 2009-10.

A estrutura por idades do PDI do SUG sitúa ao 38,68% dos profesores entre os 40 e os 50 anos de idade. Ademais é significativo que no curso 2009-10 existen un total de 764 profesores entre os 60 e os 70 anos, o que supón un 14,36% da plantilla docente do SUG. A idade media deste persoal incrementouse dende os 45,9 anos do curso 2005-06 aos 48 anos do 2009-10.

EVOLUCIÓN DO PDI 2005-2010

	2005-06	2006-07	2007-08	2008-09	2009-10
SUG	5.085	5.170	5.213	5.208	5.320

Por universidade

	2005-06	2006-07	2007-08	2008-09	2009-10
A Coruña	1.369	1.390	1.429	1.433	1.463
Santiago de Compostela	2.174	2.210	2.218	2.209	2.297
Vigo	1.542	1.570	1.566	1.566	1.560

■ **Persoal de Administración e Servizos**

No PAS tamén se observa un pequeno incremento das cifras totais de efectivos que pasaron dos 2.575 do curso 2005-06 aos 2.685 cos que conta o SUG para o curso 2009-10. Mentres o persoal con contrato laboral descendeu dos 1.436 aos 1.207 do curso 2009-10 dos que o 69 % teñen contrato laboral indefinido, o persoal funcionario incrementouse dos 1.139 a 1.478 (o 55% do total), inverténdose a proporción destes colectivos nos anos de vixencia do terceiro plan de financiamento.

O maior número de PAS se concentra no grupo C (funcionario) e IV (contratado), grupos que non requiren o nivel de formación universitaria, que supoñen un 53,01 % do total de persoal de administración e servizos das universidades do SUG.

A media de idade deste colectivo pasou nestes anos dos 42,1 anos aos 45 anos.

EVOLUCIÓN DO PAS 2005-2010

	2005-06	2006-07	2007-08	2008-09	2009-10
SUG	2.575	2.556	2.567	2.573	2.685

Por universidade

	2005-06	2006-07	2007-08	2008-09	2009-10
A Coruña	759	755	768	804	754
Santiago de Compostela	1.162	1.140	1.099	1.081	1.194
Vigo	654	661	700	688	737

6) O ratio alumnado/profesorado.

Este ratio ten unha grande importancia posto que é un referente á hora de poder implantar unha docencia máis persoal. A súa evolución na última década reflíctese na táboa seguinte:

Ratio alumnado/profesorado

Curso	UDC	USC	UVI	SUG
2000-2001	22,1	18,8	19,4	19,8
2001-2002	21,4	17,7	18,9	19,0
2002-2003	21,1	16,3	18,6	18,2

Curso	UDC	USC	UVI	SUG
2003-2004	20,6	15,2	17,2	17,1
2004-2005	17,5	14,2	16,0	15,6
2005-2006	16,1	13,5	15,1	14,7
2006-2007	15,1	12,7	13,9	13,7
2007-2008	14,1	12,2	13,2	13,0
2008-2009	13,5	11,9	12,8	12,6
2009-2010	13,2	11,3	12,5	12,2

A tendencia continuará no futuro. Para 2016, os estudos recollen un escenario de baixada acentuada no alumnado nas tres universidades galegas. Sen cambios no actual número de profesorado, o ratio alumnado de grao/ profesorado, caerá ata un valor de 9,76 para a totalidade do sistema universitario galego.

A caída da demanda universitaria presentará moi desiguais efectos territoriais, afectando en maior medida aos distritos universitarios do cuadrante noroccidental da Península.

A menor demanda que se prevé non debe ser considerada como un problema, senón como unha oportunidade para o desenvolvemento dun ensino de maior calidade, acentuar a diminución do cociente alumnado por profesor, e conseguir maior dispoñibilidade de tempo para a investigación e para os posgraos e doutoramentos.

Hai que recordar que o proceso de adaptación ao EEES iníciase hai máis dunha década, non é unha cuestión do último ano.

A situación en recursos humanos e materiais mellorou notablemente na última década.

En alumnado, desde finais do século XX onde se alcanzou unha marca de case cen mil estudantes, até as cifras actuais, produciuse unha diminución do 35% do estudiantado no sistema universitario galego.

En profesorado, hai cincocentos profesores máis que hai unha década.

O cociente alumnado de primeiro e segundo ciclo respecto do profesorado diminuíu de forma continuada desde unha cifra de 19,8 até o actual de 12,2.

As universidades recibiron unha achega anual fixa de máis de 17 millóns de euros para novas construcións, e para reformas e melloras das súas instalacións docentes e investigadoras.

Outras moitas achegas para infraestruturas chegaron dende varias consellerías da Xunta.

Adicionalmente, nos últimos anos, a Xunta achegou fondos específicos para adaptación ao EEES, por 3,5 millóns anuais.

Finalmente, o Ministerio de Educación tamén achegou fondos para programas específicos relacionados co plan Bolonia como a redacción de novos plans de estudos.

En resumo, a situación é moi positiva, tanto en menor masificación como en fondos postos a disposición das universidades para adaptarse ao EEES nas mellores condicións posibles, mellorando a calidade docente.

7) A oferta docente.

Os anos de vixencia do anterior plan de financiamento coincidiron no tempo co proceso de adaptación do SUG ao EEES.

Partindo dunha oferta total de 148 titulacións nas tres universidades galegas no curso 2005-06, no curso 2008-09 comezou a adaptación aos novos graos, de xeito que a transformación iniciouse con 5 títulos nese curso, cifra que se foi elevando en cursos sucesivos ata a total transformación das anteriores licenciaturas e diplomaturas nos novos graos, o que supuxo unha diminución de títulos ofertados ata os 120 actuais.

En canto a oferta de master, que comezou no curso 2006-07 con un total de 30 no conxunto do SUG, pasouse a ofertar un total de 175 para o curso 2009-10.

Os 164 programas de doutoramento que se impartían polas tres universidades públicas galegas no curso 2005-06, sufriron unha transformación que levou á ofertar no curso 2009-10 un total de 150 cursos deste tipo no SUG.

GRAOS E TITULACIÓNS ANTIGAS

UNIVERSIDADE	2005-2006	2006-2007	2007-2008	2008-2009	2009-2010
USC	55	55	55	55 (2)	55 (22)
UDC	46	46	46	46 (2)	46 (26)
UVIGO	47	47	47	47(1)	47 (25)
TOTAL SUG	148	148	148	148 (5)	148 (75)

MASTER

UNIVERSIDADE	2005-2006	2006-2007	2007-2008	2008-2009	2009-2010
USC		9	22	34	66
UDC		13	27	35	41
UVIGO		8	16	33	68
TOTAL SUG		30	65	102	175

DOUTORAMENTOS

UNIVERSIDADE	2005-2006	2006-2007	2007-2008	2008-2009	2009-2010
USC	73	67	83	78	73
UDC	41	41	54	57	38
UVIGO	50	50	59	62	39
TOTAL SUG	164	158	156	197	150

Os desafíos para os anos de vixencia do plan estarán na procura da colaboración entre universidades para optimizar os recursos humanos e materiais, a racionalización de novos graos, e a diminución do número de másters e doutoramentos.

8) O financiamento do SUG

De seguido móstranse os principais resultados contidos en informes sobre financiamento do SUG.

1) GASTO DA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA EN ENSEÑANZA UNIVERSITARIA EN RELACIÓN AO PIB AUTONÓMICO

FINANCIAMENTO PÚBLICO / PIB (%)				
	1998	2000	2002	2004
C. VALENCIANA	0,66	0,70	0,78	0,85
ANDALUCÍA	0,72	0,69	0,76	0,79
GALICIA	0,79	0,72	0,74	0,71
MADRID	0,65	0,64	0,70	0,70
ASTURIAS	0,86	0,79	0,78	0,68
CASTILLA-LEÓN	0,72	0,70	0,70	0,68
I. CANARIAS	0,34	0,64	0,67	0,66
MURCIA	0,53	0,64	0,67	0,66
CANTABRIA	0,57	0,57	0,60	0,57
ARAGÓN	0,49	0,50	0,54	0,54
EXTREMADURA	0,50	0,59	0,54	0,52
CATALUÑA	0,47	0,45	0,46	0,46

FINANCIAMENTO PÚBLICO / PIB (%)				
	1998	2000	2002	2004
PAÍS VASCO	0,49	0,47	0,49	0,46
C. LA MANCHA	0,24	0,33	0,40	0,45
RIOJA	0,40	0,45	0,43	0,40
NAVARRA	0,32	0,36	0,40	0,38
I. BALEARES	0,23	0,23	0,25	0,25
UU. PP. PRESENCIAIS	0,57	0,58	0,62	0,62

Fonte: B. Torre et al. (2009: "La Financiación Universitaria" en P. Request, editor Universidad, Sociedad y Territorio. Ed. Universidad de Cantabria/Banco Santander.


GASTO PÚBLICO EN ENSINO UNIVERSITARIO PÚBLICO / PIB (%)		
	2004	2006
ANDALUCÍA	0,71	0,82
MURCIA	0,62	0,70
C. VALENCIANA	0,67	0,68
CASTILLA-LEÓN	0,68	0,62
GALICIA	0,58	0,61
MADRID	0,63	0,61
ASTURIAS	0,68	0,60
I. CANARIAS	0,64	0,58
EXTREMADURA	0,55	0,56
CANTABRIA	0,51	0,52
ARAGÓN	0,51	0,50
C. LA MANCHA	0,43	0,45
CATALUÑA	0,44	0,43
PAÍS VASCO	0,43	0,43
RIOJA	0,40	0,42
NAVARRA	0,35	0,35
I. BALEARES	0,22	0,23
TOTAL	0,58	0,51

Fonte: Fundación Alternativas

2) FINANCIAMENTO PÚBLICO TOTAL

GASTO EN % DO PIB POR ORIXE: PÚBLICA E PRIVADA (2006)			
	PÚBLICA	PRIVADA	TOTAL
ESPAÑA	0,9	0,2	1,1
MEDIA DA UE-19	1,1	0,2	1,3
MEDIA DA OCDE	1,0	0,5	1,5

Gráfico 1: Gasto en % do PIB por orixe: pública e privada, posición de España respecto aos valores de outros países, e valores medios da OCDE e a UE-19.



Fonte: OCDE (2009): *Education at a Glance*

GASTO PÚBLICO EN % DO PIB GALEGO			
	2006	2007	2008
INGRESOS	388.647.130	444.817.600	485.316.860
PIB NOMINAL GALEGO	50.338.215.000	54.072.765.000	56.290.249.000
	0,77%	0,82%	0,86%

Fonte: Orzamentos liquidados das Universidades galegas

3) FINANCIAMENTO POR ESTUDANTE MATRICULADO

EVOLUCIÓN POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS DO GASTO TOTAL POR ESTUDANTE MATRICULADO EN CENTROS OFICIAIS DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS PRESENCIAIS ESPAÑOLAS E DO ESFORZO ORZAMENTARIO EXPRESADO EN % DO P.I.R.B. PER CÁPITA

	2002		2004		2006		2008	
	Gasto Total / estudiante	%s/ España	Gasto Total / estudiante	%s/ España	Gasto Total / estudiante	%s/ España	Gasto Total / estudiante	%s/ España
ANDALUCÍA	4.410,92	80,86	5.432,20	78,41	6.389,31	86,27	8.277,00	87,66
ARAGÓN	5.730,18	105,05	6.922,87	99,92	8.430,20	113,83	10.164,00	107,65
ASTURIAS	5.453,28	99,97	5.752,47	83,03	6.921,19	93,45	8.874,00	93,98
I. BALEARES	6.913,68	126,75	5.783,23	83,47	6.436,88	86,91	8.074,00	85,51
I. CANARIAS	5.120,28	93,87	5.842,16	84,32	6.261,69	84,55	7.317,00	77,49
CANTABRIA	6.262,20	114,80	7.297,85	105,33	9.754,59	131,71	12.459,00	131,95
C. LA MANCHA	5.044,30	92,47	6.271,39	90,52	6.912,94	93,34	8.706,00	92,21
CASTILLA-LEÓN	5.115,62	93,78	5.985,65	86,39	6.681,28	90,21	8.308,00	87,99
CATALUÑA	6.433,74	117,95	11.793,14	170,22	8.681,49	117,22	11.075,00	117,30
C. VALENCIANA	5.894,53	108,06	6.786,58	97,96	7.726,80	104,33	10.038,00	106,31
EXTREMADURA	3.757,73	68,89	4.176,00	60,28	5.237,30	70,72	7.178,00	76,02
GALICIA	4.895,99	89,76	5.580,25	80,54	6.498,17	87,74	9.541,00	101,05
MADRID	6.030,14	110,55	7.122,42	102,80	8.471,42	114,38	10.117,00	107,15
MURCIA	5.067,59	92,90	5.895,02	85,09	6.705,98	90,55	8.335,00	88,28
NAVARRA	8.163,08	149,65	9.499,18	137,11	9.515,80	128,49	12.483,00	132,21
PAÍS VASCO	5.869,08	107,60	6.274,32	90,56	7.672,30	103,59	10.912,00	115,57
RIOJA	4.993,69	91,55	5.235,78	75,57	6.329,05	85,46	8.230,00	87,16
UU. PP. PRESENCIAIS	5.454,78	100,00	6.928,25	100,00	7.406,15	100,00	9.442,00	100,00

Coefficiente de esforzo per cápita: Expressa a participación que sobre o produto rexional bruto por habitante representan os gastos totais por estudante matriculado.

Fonte: La Universidad Española en cifras. Observatorio Universitario. CRUE.


EVOLUCIÓN POR CC.AA. DAS TRANSFERENCIAS CORRENTES DA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA POR ESTUDANTE MATRICULADO EN CENTROS OFICIAIS DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS PRESENCIAIS ESPAÑOLAS E DO ESFORZO ORZAMENTARIO EXPRESADO EN PORCENTAXE O P.I.R.B. PER CÁPITA

	COEFICIENTE DE ESFORZO PER CÁPITA						
	1.996	1.998	2.000	2.002	2.004	2.006	2.008
C. LA MANCHA	14,94	11,96	16,58	20,37	21,93	30,24	35,44
C. VALENCIANA	14,58	15,39	18,40	21,73	25,44	27,87	31,51
ANDALUCÍA	17,88	16,41	16,53	18,74	21,03	24,95	29,47
CANTABRIA	17,69	17,79	19,16	19,60	22,17	24,97	28,57
NAVARRA	13,93	13,84	15,47	23,15	24,77	25,44	27,29
GALICIA	20,81	18,78	18,24	18,68	18,89	21,41	26,76
I. CANARIAS	22,13	20,31	21,23	23,63	24,20	23,76	25,10
PAÍS VASCO	13,81	13,47	14,76	15,95	16,99	18,62	24,47
MURCIA	14,17	12,91	15,75	18,27	19,73	21,79	23,39
EXTREMADURA	20,78	16,96	18,06	19,76	21,04	24,38	23,13
ASTURIAS	16,61	14,22	16,10	17,54	20,48	21,94	22,95
CATALUÑA	17,20	15,74	15,53	16,15	17,37	18,26	22,21
CASTILLA-LEÓN	14,77	15,04	16,42	18,08	19,16	19,10	21,24
RIOJA	14,49	12,86	13,73	16,44	16,76	17,35	21,06
ARAGÓN	11,88	11,72	13,32	15,88	18,24	19,81	19,90
MADRID	12,97	12,79	13,41	15,66	17,08	18,54	19,47
I. BALEARES	10,59	10,86	12,35	14,21	16,42	18,06	18,71
UU. PP. PRESENCIAIS	15,74	14,89	15,78	17,79	19,53	21,50	24,42

Coeficiente de esforzo per cápita: Expresa a participación que sobre o produto rexional bruto por habitante representan as transferencias correntes das respectivas administracións educativas por estudante matriculado.

Fonte: *La Universidad Española en cifras*. Observatorio Universitario. CRUE.

Gráfico 2: Índice de esforzo financeiro: financiación neta por alumno/VAB per cápita provincial (en porcentaxe). Curso académico 2006/2007




Fonte: Fundación CYD Informe 2009.

Este gráfico reflicte o esforzo financeiro das universidades, relacionando o financiamento neto por alumno co VAB per cápita. Por esta vía, se controlan as diferenzas no número de matriculados e no nivel de riqueza dos diferentes territorios.

VAB: Valor engadido bruto

Gráfico 3: Transferencias correntes públicas por alumno (en euros), 2006



Fonte: Fundación CYD Informe 2009.

A existencia de notables diferenzas no número de alumnos matriculados entre as universidades obriga a construír un indicador máis adecuado para aproximar o esforzo financeiro realizado polas universidades.

O volume de transferencias correntes públicas por alumno matriculado, ao non incluír as transferencias de capital, constitúe un indicador que non presenta as irregularidades que se poderían presentar no caso de ter considerado o total de transferencias.

4) ESFORZO DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO


FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO				
	2008	2009	2010	2011
Plan de financiamento	386.846.900	404.033.700	393.708.000	390.387.709
Capacidade de gasto	10.961.000.000	11.419.000.000	11.052.000.000	10.007.000.000
Plan de financ. / Capac. de gasto	3,53%	3,54%	3,56%	3,90%

5) COBERTURA FINANCEIRA

Un dos métodos adoptados de xeito habitual para avaliar a suficiencia financeira é calcular a proporción que representa o financiamento neto respecto ao PIB.

En promedio, o financiamento neto das universidades públicas foi equivalente ao 0,83% do PIB no ano 2006.

Gráfico 4: Índice de suficiencia financeira: financiación neta/VAB provincial (en porcentaxe). Curso académico 2006/2007



Fonte: CRUE e elaboración propia

**TRANSFERENCIAS CORRENTES DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
SOBRE O TOTAL DE INGRESOS CORRENTES. ANO 2006**

I. CANARIAS	82,87
C. VALENCIANA	78,89
C. LA MANCHA	77,64
RIOJA	76,49
ANDALUCÍA	75,87
MADRID	75,62
EXTREMADURA	75,34
NAVARRA	74,86
MURCIA	74,73
I. BALEARES	74,36
CASTILLA-LEÓN	72,03
GALICIA	72,00
ARAGÓN	71,89
PAÍS VASCO	71,83
ASTURIAS	71,50
CATALUÑA	66,67
CANTABRIA	62,66
UU. PP. PRESENCIAIS	74,08

**INDICADORES DE COBERTURA FINANCEIRA DA ACTIVIDADE PRODUTIVA
DAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS ESPAÑOLAS. ANO 2006**

	T.C. / G.C.
C. VALENCIANA	107,52
C. LA MANCHA	99,11
I. BALEARES	97,12
NAVARRA	93,52
ANDALUCÍA	92,93
I. CANARIAS	90,94
PAÍS VASCO	89,37
CANTABRIA	89,07
GALICIA	87,42
EXTREMADURA	86,13
MADRID	86,08
MURCIA	85,83
ASTURIAS	85,02
RIOJA	79,02
CATALUÑA	77,81
CASTILLA-LEÓN	77,37
ARAGÓN	73,26
UU. PP. PRESENCIAIS	88,29

T.C.= TRANSFERENCIAS CORRENTES (CAP. 4) G.C.= GASTOS CORRENTES

Fonte: La universidad española en cifras 2008

A análise dos datos sobre a situación das universidades galegas presenta unha dobre dificultade: o retraso temporal na súa publicación e a falta de homoxeneidade do tratamento dos datos nos diferentes informes.

Malia estas dificultades, a situación do SUG no conxunto do Sistema Universitario Español é en xeral positiva dado que a maioría dos indicadores reflicten valores dentro da media das universidades españolas, e incluso superiores á mesma, como é o caso do coeficiente de esforzo per cápita que en 2008, presenta un valor moi superior á media nacional, sendo Galicia a cuarta comunidade autónoma.

A non coincidencia de cifras e posicións mantense cando empregamos outros indicadores de financiamento. Ademais, a situación varía notablemente entre as universidades galegas. Por exemplo, no cociente financiamento neto por alumno/a e valor engadido bruto provincial, onde a universidade de A Coruña presenta valores moi baixos, mentres Vigo e Santiago sitúanse na parte alta do índice.

Na espera do desenvolvemento dun sistema integrado de información, podemos comentar que no sistema universitario galego produciuse un notable incremento do financiamento até 2009, por enriba do elevado índice de crecemento da economía galega nos primeiros anos do século XXI. Xunto co descenso do estudiantado, permitiu un forte aumento da capacidade financeira por estudante matriculado.

É necesario manter o crecemento dos recursos financeiros destinados ás universidades, pero tamén introducir cambios nas fontes de provisión deste financiamento que en Galicia é cada vez máis dependente das achegas de carácter público.

Hai que destacar que o financiamento procedente dos prezos públicos dos ensinos oficiais representa cada vez unha porcentaxe menor do financiamento neto das universidades, froito do seu aumento máis lento respecto do crecemento global do financiamento neto.

IV.- OBXECTIVOS DO PLAN

A década de Bolonia chega ao seu fin nun momento no que nos enfrontamos a cambios sen precedentes para facer fronte á crise económica global. Por iso, en liña coa postura mantida polo Comisario europeo encargado da Educación, Formación, Cultura e Xuventude, Jan Figel, entendemos que a solución a longo prazo para garantir unhas sociedades dinámicas e prósperas depende da calidade dos nosos sistemas educativos. Por tanto, a Estratexia de Lisboa é máis necesaria que nunca para garantir un desenvolvemento económico e social sostible e este será un período clave para reforzar o compromiso e o investimento nunha educación de alta calidade.

O Plan de Financiamento das universidades de Galicia para os anos 2011-2015 define un novo marco de financiamento moderno, dinámico, flexible, sostible, suficiente, equitativo e eficiente que permita o cambio e modernización das universidades galegas no medio prazo mediante a planificación de estratexias que faciliten a súa converxencia coas universidades tanto do Sistema Español de Universidades como a nivel internacional.

O novo modelo de financiamento persegue como obxectivo estratéxico situar ao SUG no mapa das mellores institucións universitarias no contexto español e europeo, tanto na provisión de servizos docentes como nas actividades de desenvolvemento, innovación e transferencia á sociedade.

A tradución do anterior obxectivo en termos funcionais, resúmese nas seguintes áreas de acción:

- Consolidar a plena implantación do sistema docente e dos obxectivos do EES.
- Formar profesionais competitivos no contexto socioeconómico actual, incorporando os coñecementos, capacidades, habilidades e aptitudes que demanda unha economía e un mercado laboral en cambio permanente.
- Potenciar a formación específica dos investigadores, como profesionais estratéxicos no proceso de modernización dunha economía competitiva na sociedade do coñecemento.
- Asumir unha actividade de investigación con visibilidade nacional e internacional, sostible e xeradora de valor académico, social e económico.
- Propiciar a capacidade tecnolóxica efectiva para incrementar a competencia empresarial e a renovación do tecido produtivo, nunha aposta decidida polo desenvolvemento económico baseado no coñecemento

- Innovar, contribuíndo de forma activa aos procesos de modernización e cohesión socioeconómica, asegurando o acceso universal, a divulgación e a valorización do coñecemento.
- Asegurar o cumprimento dos principios básicos do plan: estabilidade financeira, equidade institucional, eficiencia e suficiencia.
- Incrementar, de maneira progresiva, a cantidade de recursos que se poden obter mediante concorrencia competitiva en base ao logro de obxectivos

En termos cuantitativos, estableceremos os seguintes obxectivos xerais do sistema:

- Asíumese o acordo por unanimidade do pleno do parlamento de Galicia, que, na súa sesión de 9 de decembro de 2009, instou á Xunta de Galicia a negociar un novo modelo de financiamento do sistema universitario galego para pór en marcha no ano 2011, que permita ir converxendo coa media estatal de financiamento público da universidade medido en porcentaxe de PIB.

Este obxectivo transitará por unha senda progresiva de aproximación ao mesmo, condicionada pola evolución da situación económica.

Para acadar este obxectivo o Plan contempla a seguinte tendencia para os seus anos de vixencia:

TRANSFERENCIAS PÚBLICAS AO SUG/PIB GALEGO (%)

2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
0,91	0,91	0,92	0,93	0,95	0,98	1,01

- Outro obxectivo debe ser acadar a eficiencia do financiamento equilibrando transferencias e gasto en relación co número de estudantes matriculados en centros oficiais das universidades do SUG.

Isto supoñerá acadar, no período de vixencia do plan, a media do SUE en canto a transferencias correntes da administración educativa en relación co esforzo orzamentario expresado en porcentaxe do PIB per cápita. O obxectivo cífrase entón en acadar no prazo de vixencia do plan, a media de financiamento por alumno existente no sistema universitario español.

- Os recursos variables do sistema concederanse segundo a actuación real acaída por cada unha das universidades nas dimensións básicas que desenvolven a estrutura financeira do

plan. A verificación do cumprimento desas metas efectuarase a través de indicadores de actuación.

A Xunta de Galicia establece como unha prioridade que as universidades galegas compitan en plano de igualdade, á finalización deste plan, a nivel tanto estatal como internacional.

Para facer fronte de xeito corresponsable a esta tarefa o Plan de Financiamento do SUG 2011-2015 prevé as seguintes achegas:

PLAN DE FINANCIAMENTO DO SUG 2011-2015 (Mill.euros)

2011	2012	2013	2014	2015	TOTAL
400*	405	410	440	450	2.105

*Inclúe estimacións de compensacións por normativa estatal e convenios

V.- ESTRUCTURA DO PLAN

De acordo co anterior é evidente que o financiamento das universidades galegas deberá estar determinado en función de variables obxectivas que midan o valor das subvencións que contempla cada fondo, segundo o seguinte esquema.

COMPOÑENTES DO FINANCIAMENTO DAS UNIVERSIDADES GALEGAS	FERRAMENTAS
Financiamento estrutural	Subvención fixa e subvención extraordinaria SUG
	Subvención por capacidade investigadora
	Subvención para a compensación dos custos inducidos pola normativa estatal e autonómica
Financiamento por resultados	Subvención por resultados docentes
	Subvención por resultados de investigación
	Subvención por resultados de transferencia tecnolóxica
Financiamento por mellora da calidade	Subvención pola mellora da calidade dos resultados universitarios

A estrutura do plan de financiamento complementarase cun panel de indicadores que, atendendo á pertinencia, relevancia, representatividade e facilidade informativa, poidan mostrar tanto a eficacia da asignación financeira por función produtiva e financeira que obtén cada universidade polas diferentes liñas de actividade, así como a posición que ocupa cada universidade ao observar unha determinada actividade produtiva.

A experiencia, manifestada polos modelos de financiamento que até a data desenvolvéronse, aconsella utilizar un número reducido de indicadores que, unha vez consolidados, poden ser completados con referencias específicas ao obxectivo programado.

Unha análise aproximada das correspondencias entre as distintas partidas do plan anterior con este novo esquema, reflíctese no cadro seguinte no cal pode apreciarse como o novo esquema abrangue eidos máis amplos.

COMPOÑENTES DO FINANCIAMENTO DAS UNIVERSIDADES GALEGAS 2011-2015	FERRAMENTAS NOVO PLAN	CORRESPONDENCIAS APROXIMADAS PLAN 2005-2010
Financiamento estrutural	Subvención fixa e subvención extraordinaria SUG	Fondo incondicionado Sexenios Complementos retributivos Contratos-programa RAM INEF-SERGAS
	Subvención por capacidade investigadora	Non hai correspondencia
	Subvención para a compensación dos custos inducidos pola normativa estatal e autonómica	Non hai correspondencia
Financiamento por resultados	Subvención por resultados docentes	Non hai correspondencia
	Subvención por resultados de investigación	Plan Galego de I+D+i
	Subvención por resultados de transferencia tecnolóxica	Apoio á investigación
Financiamento por mellora da calidade	Subvención pola mellora da calidade dos resultados universitarios	Complemento do Plan de Financiamento

Mais alá destas correspondencias, débese lembrar que a filosofía que inspira ao novo plan é totalmente diferente. O novo plan recolle a nova visión da universidade, lonxe xa de ser unha estrutura de transmisión oral de coñecemento. Agora a sociedade esíxelle novas misións, entre elas a de liderar o cambio e ser unha institución de referencia na innovación, a creación de valor e a sustentabilidade.

Se trata dun deseño moderno e dinámico, con capacidade para adaptarse aos cada vez máis frecuentes cambios do entorno. Deste xeito, un plan nacido en época de crise económica global contará con mecanismos que permitirán a súa permanencia unha vez superada esta situación de xeito que permita tanto a necesaria estabilidade ao sistema para asumir políticas a medio prazo, como a versatilidade para recoller de xeito inmediato as melloras provocadas polo cambio de ciclo económico.

VI.- ÁREAS DE ACCIÓN

■ PRESENTACIÓN

Utilizando como punto de partida o *Documento de mellora e seguimento das Políticas de Financiamento das Universidades para promover a excelencia académica e incrementar o impacto socioeconómico do Sistema Universitario Español (S.U.E.)* elaborado pola Comisión Mixta do Consello de Universidades e a Conferencia General de Política Universitaria, defínense un conxunto de ámbitos que denominaremos áreas de acción e que van a ser tidas en conta á hora de abordar o financiamento das institucións universitarias.

Estas áreas de acción, nalgún caso, non son compartimentos estancos, existindo bastantes interaccións entre elas, pero a súa suma enténdese que cubre todas as actividades que unha universidade do século XXI deberá realizar.

Dentro destas áreas e á hora de cuantificar o esforzo de cada universidade defínense uns indicadores que recollan e permitan comparar a situación actual e a futura evolución do Sistema Universitario Galego.

■ ÁREAS DE ACCIÓN PARA O SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

A actividade primitiva (primixenia) da Universidade foi a ensinanza das profesións intelectuais. Con esta finalidade xurdiu a institución no século XII. Porén a día de hoxe as funcións da Universidade diversificáronse en grande medida. Ao longo dos séculos a institución foi aumentando as súas funcións, conforme a hexemonía intelectual ía pasando dunhas Universidades a outras. Das universidades italianas (Bolonha e Salerno) provén a función de formación das profesións intelectuais. Nas institucións británicas (Oxford e Cambridge) xurdiu a función de creación de elites para xestionar e gobernar (estadistas, administradores). De centroeuropa (Gottingen e Berlín) recibimos a función da Universidade como centros de investigación.

Pódese observar como se ensanchou o horizonte intelectual da Universidade e como a sociedade demandou desta que incrementara o seu cometido. Ademais a Universidade actual encádrase dentro do sector de prestación de servizos científico-técnicos e no marco moito máis amplo da Unión Europea, o que implica afondar e dar un enfoque máis aberto ás funcións tradicionais. O

problema é cómo conciliar todas estas diferentes funcións nunha mesma institución, de modo que o exercicio das mesmas non só non obstaculice os obxectivos primordiais senón que, pola contra, supoña un estímulo e un beneficio. Esta conciliación de funcións coincide con unha etapa onde a Universidade se atopa sometida a un proceso de profunda reestruturación motivado por diversas causas: o maior impacto das relacións entre a universidade e a sociedade, as renovacións do marco normativo na que se moven, a implantación do *Espazo Europeo de Educación Superior (E.E.E.S.)*,...

A continuación xustifícase a elección das sete áreas de acción a ter en conta no financiamento do Sistema Universitario Galego.

1. Adaptación das necesidades sociais

Para que os produtos da actividade universitaria teñan unha adecuada inserción no tecido económico, social e produtivo é preciso que as universidades adapten a súa oferta e que estean en posición de responder aos posibles cambios estruturais que se produzan.

En definitiva, as universidades deben mellorar o axuste oferta-demanda.

A resposta da oferta aos cambios na demanda docente debe ser satisfactoria, o que ten consecuencias en dúas direccións: sobre a capacidade de responder ás preferencias sociais e sobre os custos de prestación dos servizos.

Desde diversos ámbitos búscase a optimización da oferta docente, especialmente en grao e máster, nos ámbitos das Comunidades Autónomas, evitando excesos de oferta (duplicidades non xustificadas) e potenciando a mobilidade. Así, cando se leve a cabo a implantación de novos graos deberá garantirse un tamaño e un fluxo suficiente de demanda de estudantes de novo ingreso e unha reestruturación dos máster en función das fortalezas nos recursos humanos, na demanda (con atención especial á internacionalización) e no grao de excelencia científica.

2. Docencia

A docencia supón a función primixenia das institucións universitarias e como tal debe considerarse coma unha área de acción fundamental da universidade.

A docencia universitaria esixe medios materiais e recursos humanos con dedicación e profesionalidade suficientes. Hai que estudar continuamente as materias propias (por moi consolidadas que parezan), os seus contidos, a súa articulación interna, os seus métodos

de presentación. É necesario coordinar as materias propias coas outras que configuran globalmente o currículo do futuro profesional, mantendo marcos estables de encontro e intercambio académico. Hai que atender convenientemente ao alumno (consultas, titorías,...), elaborando materiais docentes (libros, apuntamentos, cadernos de laboratorio, bibliografías, seleccións de textos...), establecendo as pontes adecuadas para complementar a súa formación temporalmente fora da Universidade (prácticas en empresas e outras institucións, intercambios de estudantes entre centros de diversos lugares e países).

Pero o termo docencia debe entenderse nun sentido máis amplo, ocupándose tamén da formación de posgrao na súa dobre vertente:

- A formación do persoal docente e investigador, mediante a potenciación dos cursos de doutoramento.
- A recualificación, que permita superar a obsolescencia científico-técnica de persoas que poden ou non ter titulación académica, mediante cursos de reciclaxe.

3. Investigación

A investigación tense consolidado durante os últimos dous séculos como unha función básica das institucións universitarias, xunto coa docencia. A investigación, tanto básica como aplicada, ademais de contribuír ao avance do coñecemento positivo no ámbito das súas materias propias, convértese nunha garantía de progreso permanente da actividade docente, ao manter ao profesor nesa primeira liña de avance do saber que lle posibilita estar ao día dos máis recentes resultados no seu campo específico. Isto esixe, por suposto, que o que se realice sexa auténtica investigación, e non mera verificación de rutina de coñecementos xa consolidados, esencialmente enfocada cara o incremento do historial curricular.

4. Transferencia de Tecnoloxía

Tamén é un obxectivo da universidade impulsar no marco da súa terceira misión (difusión e transferencia de coñecemento) o crecemento económico e a mellora da calidade de vida a través da investigación, a transferencia de coñecemento e a innovación. Para iso débese reforzar a produción de resultados de investigación e a conexión da mesma coas necesidades sociais, o tecido produtivo e a innovación. Lograr ambas cousas é imprescindible para por en marcha o ciclo virtuoso da innovación, que alimenta de coñecemento ao tecido produtivo e realimenta coas demandas das empresas ás institucións de ciencia e tecnoloxía.

5. Proxección internacional

A implantación do *Espazo Europeo de Ensino Superior* propón como obxectivos básicos, entre outros: a promoción da mobilidade mediante a eliminación dos obstáculos ao exercicio efectivo do dereito á libre circulación para os estudantes, profesores, investigadores e persoal administrativo; a promoción da cooperación europea en materia de garantía da calidade, con miras ao desenvolvemento de criterios e metodoloxías comparables; e a promoción da necesaria dimensión europea na ensinanza superior no que respecta a programas de estudos, a cooperación interinstitucional, os programas de mobilidade e os programas integrados de estudos, formación e investigación.

A preocupación pola internacionalización das institucións universitarias debe ir, polo tanto, desde a mobilidade dos estudantes ou dos profesores e dos investigadores ata as redes que poidan formar os diferentes grupos de investigación a través da colaboración en diversos proxectos que permitan o aproveitamento das sinerxías que xurdan co fin de lograr o pleno desenvolvemento científico e a súa implantación no tecido económico, social e produtivo.

6. Responsabilidade social

As universidades galegas deben apostar por acompañar o cambio de modelo económico cara unha sociedade baseada no coñecemento, cunha clara aposta polas novas tecnoloxías e polos avances na fronteira do coñecemento. Ademais as universidades deben internamente promover cambios institucionais importantes para aplicar os tres eixes da sustentabilidade (económica, social e medioambiental) na súa propia xestión. A Universidade debe incrementar o valor social e económico do coñecemento que xera e lograr un maior compromiso cos retos sociais, culturais e medioambientais da nosa sociedade.

Algunhas actuacións que se consideran encamiñadas á consolidar a responsabilidade social das institucións universitarias son a calidade urbanística e a adecuación universitaria, a eliminación de barreiras arquitectónicas, a adopción de medidas de protección medioambiental e usos enerxéticos sostibles, a modernización e mellora dos edificios universitarios histórico-culturais así como dos arquivos históricos e os patrimonios científico-históricos.

Ademais de acordo co principio de transversalidade, os poderes públicos deben considerar os impactos diferenciados de xénero, e contemplar medidas para promover activamente a igualdade entre mulleres e homes, ao longo do proceso de definir, aplicar e avaliar as políticas públicas, en todos os estadios do seu desenvolvemento: a lexislación, as políticas, os programas, os orzamentos, os plans e os proxectos.

Conforme se avance no incremento da responsabilidade social das universidades, reforzarse a xustificación da provisión da educación superior como ben público polas externalidades positivas que xera para o benestar xeral da súa contorna.

7. Xestión

É preciso recoñecer que o esforzo e o compromiso que se demanda ás universidades públicas para mellorar os seus resultados e a súa presenza como axente clave na sociedade galega están condicionados polas complexidades organizativas da institución.

É, polo tanto, preciso e urxente reflexionar acerca do actual modelo de xestión e goberno universitario para atopar o deseño idóneo que garanta que as universidades galegas estean ben posicionadas no contexto internacional.

Todo este proceso non será posible se non se recoñece a importancia que as labores de xestión teñen nas propias universidades. Este recoñecemento concrétase, entre outros aspectos, no apoio ao desenvolvemento da carreira profesional e da actividade académica do persoal non docente (PAS) en relación coa administración e os servizos universitarios.

8. Campus de Ferrol/Lugo/Ourense/e Pontevedra

Posto que as tres universidades do Sistema Universitario de Galicia contan con Campus Periféricos (C.P.) parece importante tratar de medir o esforzo de cada unha das tres institucións á hora de consolidar e potenciar estes campus. A estes efectos deberían particularizarse para os mesmos as distintas áreas de acción que se describiron de forma xeral con anterioridade.

■ PONDERACIÓN DAS ÁREAS E INDICADORES ASOCIADOS

Asociadas a cada unha das áreas de acción contaránse cunha serie de indicadores, que foron o resultado do consenso acadado no seo da Comisión de Financiamento e Investimentos do Consello Galego de Universidades. A súa aplicación determinará o reparto do Fondo de Financiamento por Resultados, en concreto a Subvención por Resultados Docentes, segundo os obxectivos fixados para cada universidade nos correspondentes contratos programa.

Deste xeito, a ponderación das áreas de acción e, dentro delas, a de cada un dos indicadores asociados, será a reflectida na seguinte táboa:

Área	Pond. área	Código	Indicador	Pond. ind.
I-Adap	5%	ISUG-01	Alumnos matriculados na súa opción preferida	50%
		ISUG-02	Tempo medio en atopar emprego	50%
I-Doc	25%	ISUG-03	Cualificación do PDI ¹	40%
		ISUG-04	Taxa de graduación	30%
		ISUG-05	Alumnos de posgrao por graduado	30%
I-Inv	30%	ISUG-06	Producción científica	25%
		ISUG-07	Programas de doutoramento con mención de calidade/Selo de exc.	15%
		ISUG-08	Resultados de investigación. De carácter académico: sexenios	35%
		ISUG-09	Ingresos de investigación por proxectos competitivos	25%
I-Transf	15%	ISUG-10	Resultados de investigación. Patentes en explotación	50%
		ISUG-11	Ingresos por transferencia	50%
I-Int	10%	ISUG-12	Alumnos de intercambio	50%
		ISUG-13	Número de meses de estancia en universidades estranxeiras	50%
I-Resp	5%	ISUG-14	Acción social (Formación en valores)	50%
		ISUG-15	Número de teses lidas en lingua galega	50%
I-Xest	5%	ISUG-16	Porcentaxe de PAS en programas de formación	40%
		ISUG-17	Certificación de implantación de sistemas de calidade da xestión	60%
I-Camp	5%	ISUG-18	Alumnos matriculados na súa opción preferida nos campus de Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra	30%
		ISUG-19	Producción científica nos campus de Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra	30%
		ISUG-20	Sexenios nos campus de Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra	40%

¹ Os indicadores ISUG-03, ISUG-04 e ISUG-12 requiren unha elaboración máis coidadosa mentres sigan coexistindo titulacións non adaptadas ao Espazo Europeo de Ensino Superior, xa que ademais dos graos e programas oficiais de posgrao é preciso ter en conta tamén os estudantes e titulacións de licenciaturas, diplomaturas e enxeñarías.

Panel de Indicadores

	ISUG-01	Data de actualización	XX/XX/XXXX
Denominación	Alumnos matriculados na súa opción preferida		
Descrición	Rexistra a matrícula de novo ingreso en primeira opción de preinscrición respecto á matrícula de novo ingreso. Calcúlase coma a porcentaxe de estudantes que se matriculan por primeira vez en graos na súa primeira opción de preinscrición sobre o número total de alumnos que se matriculan por primeira vez en graos.		
Xustificación			
Forma de cálculo	$ISUG - 01 = \frac{\text{Número de estudantes que se matriculan na súa 1ª opción}}{\text{Número total de alumnos que ingresan en graos}}$ <p>Numerador – Número de alumnos que se matriculan por primeira vez en graos na súa primeira opción de preferencia no curso n-1/n</p> <p>Denominador – Número total de estudantes que ingresan por primeira vez en graos no curso n-1/n</p>		
Características	Periodicidade	Curso académico	
	Fonte de información	Universidade	
	Forma de representación	Número con dous decimais	
Nivel de agregación/ desagregación	Por universidade e curso académico		
Exemplo			
Especificacións	Indicar o valor obxectivo Sentido positivo (Incrementar en __ puntos porcentuais a adecuación da oferta da universidade á demanda dos estudantes)		

	ISUG-02	Data de actualización	XX/XX/XXXX
Denominación	Tempo medio en atopar emprego		
Descrición	Rexistra o tempo medio que tardan os alumnos graduados dunha universidade en atopar un emprego relacionado coa súa formación		
Xustificación			
Forma de cálculo	ISUG-02 = Tempo medio en atopar emprego		
Características	Periodicidade	Segundo ACSUG	
	Fonte de información	ACSUG	
	Forma de representación	Número de meses con dous decimais	
Nivel de agregación/ desagregación	Por universidade e segundo periodicidade da ACSUG		
Exemplo			
Especificacións	Indicar o valor obxectivo Sentido negativo (Reducir en __ puntos porcentuais o tempo medio que os alumnos da universidade tardan en atopar un emprego relacionado coa súa formación)		

Código	ISUG-03	Data de actualización	XX/XX/XXXX
Denominación	Cualificación do PDI		
Descrición	Representa o porcentaxe de PDI doutor. Rexistra a porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con grao de Doutor no ano (n-1), sobre o total do plantel do PDI da Universidade no ano (n-1)		
Xustificación			
Forma de cálculo	$ISUG - 03 = \frac{\text{Número de P.D.I. co grao de doutor}}{\text{Número total de P.D.I.}}$		
	Numerador – Número de Persoal Docente e Investigador da universidade que a 31/XII/n-1 posúe o grao de doutor. Denominador – Número de Persoal Docente e Investigador da universidade a 31/XII/n-1		
Características	Periodicidade	Ano natural	
	Fonte de información	Universidade	
	Forma de representación	Número con dous decimais	
Nivel de agregación/ desagregación	Por universidade e ano natural		
Exemplo			
Especificacións	Indicar o valor obxectivo Sentido positivo (Aumentar en _ puntos porcentuais o número de profesores co grao de doutor)		

Código	ISUG-04	Data de actualización	XX/XX/XXXX
Denominación	Taxa de graduación		
Descrición	É a porcentaxe de alumnos que finalizan a titulación ao seu debido tempo. O numerador é o número total de alumnos que finalizan os estudos tras “d” cursos, sendo “d” a duración oficial dos mesmos. O denominador é o número total de alumnos que se matricularon nesa titulación “d-1” cursos antes por primeira vez no primeiro curso (novo ingreso).		
Xustificación			
Forma de cálculo	$ISUG - 04 = \frac{N^{\circ} \text{alumnos que rema tan os estudos no curso } n - 2 / n - 1}{N^{\circ} \text{alumnos de novo ingreso no curso } (n - d) - 1 / (n - d)} * 100$		
	Numerador – Número de alumnos egresados en graos no curso académico (n-2/n-1) que comezaron os seus estudos d-1 cursos antes. Denominador – Número de alumnos matriculados por primeira vez no curso (n-4/n-3) para titulacións de 3 anos, no curso (n-5/n-4) para titulacións de 4 anos, no curso (n-6/n-5) para titulacións de 5 anos e no curso (n-7/n-6) para titulacións de 6 anos.		
Características	Periodicidade	Curso académico	
	Fonte de inf-	Universidade	
	Forma de repres.	Número con dous decimais	
Nivel de agreg. / desag.	Por universidade e curso académico		
Exemplo			
Especificacións	Indicar o valor obxectivo Sentido positivo Mentres sigan existindo titulacións non adaptadas ao Espazo Europeo de Ensino Superior deben agregarse tamén o Número total de alumnos que remataron unha licenciatura, diplomatura ou enxeñaría no curso 2009/2010 na duración expresada nos seus programas de estudos e o Número total de alumnos que se matricularon por primeira vez nunha titulación no curso correspondente 2004/2005, 2005/2006, 2006/2007 ou 2007/2008 (segundo a duración do estudio fóra de 6, 5, 4 ou 3 anos)		

Código	ISUG-05	Data de actualización	XX/XX/XXXX
Denominación	Alumnos de posgrao por graduado		
Descrición	Aproxima a captación de alumnos de posgrao. Alumnos de nova matrícula en Posgrao por Alumno graduado no ano anterior.		
Xustificación			
Forma de cálculo	$ISUG - 05 = \frac{N^{\circ} \text{ alumnos de nova matrícula en posgraos no curso } n - 1/n}{N^{\circ} \text{ alumnos de graduados no curso } n - 2/n - 1} * 100$ <p>Numerador – Número de alumnos matriculados en programas oficiais de master e posgrao da universidade por primeira vez no curso n-1/n</p> <p>Denominador – Número de egresados en graos no curso n-2/n-1</p>		
Características	Periodicidade	Curso académico	
	Fonte de inf.	Universidade	
	Forma de representación	Número con dous decimais	
Nivel de agreg. / desag.	Por universidade e curso académico		
Exemplo			
Especificacións	Indicar o valor obxectivo Sentido positivo Mentres sigan existindo titulacións non adaptadas ao Espazo Europeo de Ensino Superior deben agregarse tamén o Número total de alumnos que remataron unha licenciatura, diplomatura ou enxeñaría		

Código	ISUG-06	Data de actualización	XX/XX/XXXX
Denominación	Producción científica		
Descrición	Nº de artigos en revistas científicas incluídas nas bases de datos ISI/JCR ponderados polo índice de impacto da publicación, publicados durante o ano n polo PDI doutor da universidade.		
Xustificación			
Forma de cálculo	$ISUG - 06 = \frac{N^{\circ} \text{ de artigos en revistas ISI - JCR (Ponderadas)}}{P. D. I. \text{ doutor}}$ <p>Numerador – Nº de artigos en revistas científicas incluídas nas bases de datos ISI/JCR publicados polo PDI da universidade ponderado polo índice de impacto da publicación, publicados durante o ano n-1</p> <p>Denominador – Número de Persoal Docente e Investigador doutor da universidade no ano n-1</p>		
Características	Periodicidade	Ano natural	
	Fonte de inform.	Universidade	
	Forma de repres.	Número con dous decimais	
Nivel de agreg. / desag.	Por universidade e ano natural		
Exemplo			
Especificacións	Indicar o valor obxectivo Sentido positivo Se un artigo é asinado por varios autores que pertencen ao P.D.I. da mesma universidade só se considerará como un artigo.		

Código	ISUG-07	Data de actualización	XX/XX/XXXX
Denominación	Programas de doutoramento con mención de calidade / selo de excelencia		
Descrición	Nº de programas de doutoramento con mención de calidade/selo de excelencia sobre o total de programas de doutoramento.		
Xustificación			
Forma de cálculo	$ISUG - 07 = \frac{\text{Nº de programas de doutoramento con mención de calidade / selo de excelencia}}{\text{Nº total de programas de doutoramento}}$ <p>Numerador – Número de programas de doutoramento da universidade que no curso n-1/n obtiveron a mención de calidade/selo de excelencia</p> <p>Denominador – Número total de programas de doutoramento da universidade no curso n-1/n</p>		
Características	Periodicidade	Curso académico	
	Fonte de informac.	Universidade	
	Forma de representación	Número con dous decimais	
Nivel de agregación/ desagregación	Por universidade e curso académico		
Especificacións	Indicar o valor obxectivo Sentido positivo		

Código	ISUG-08	Data de actualización	XX/XX/XXXX
Denominación	Resultados de investigación. De carácter académico: sexenios		
Descrición	Registra a porcentaxe que representan os sexenios de investigación recoñecidos pola Administración del Estado hasta a ano (n) sobre o total dos sexenios posibles que corresponden ao PDI que integra os planteis da Universidade no ano (n), é dicir, relación porcentual entre o número de sexenios concedidos aos profesores e o número total posible de sexenios destes profesores.		
Xustificación			
Forma de cálculo	$ISUG - 08 = \frac{\text{Nº de sexenios concedidos ao PDI Doutor}}{\text{Nº total de sexenios posibles}} * 100$ <p>Numerador – Número de sexenios concedidos aos profesores da universidade ata o ano n-1</p> <p>Denominador – Número de sexenios posibles que corresponderían ao conxunto dos profesores da universidade ata o ano n-1. A determinación dos sexenios posibles do profesorado realizarase atendendo á data na que cada profesor adquire o carácter de funcionario, de maneira que os anos que leva nesa categoría divididos por seis darannos os sexenios posibles</p>		
Características	Periodicidade	Ano natural	
	Fonte de inf.	Universidade/Mº de Educación	
	Forma de repres.	Número con dous decimais	
Nivel de desagregación	Por universidade e ano natural		
Exemplo			
Especificacións	Indicar o valor obxectivo Sentido positivo É posible que esta estatística estea dispoñible no Ministerio de Educación.		

Código	ISUG-09	Data de actualización	XX/XX/XXXX
Denominación	Ingresos de investigación por proxectos competitivos		
Descrición	Ingresos liquidados nos orzamentos das universidades, tanto por axudas á investigación e proxectos de investigación. Exprésase como Ingresos procedentes desta actividade por Persoal Docente e Investigador doutor (PDI).		
Xustificación			
Forma de cálculo	$ISUG - 09 = \frac{\text{Ingresos por proxectos competitivos}}{\text{P. D. I. doutor}}$ <p>Numerador – Recolle ingresos procedentes de proxectos, convenios e subvencións específicas outorgados por terceiros -fundamentalmente administracións públicas (pero non só)- para investigadores e/ou grupos de investigación durante o ano n-1. Exclúense especificamente as subvencións, de carácter público e/ou privado, destinadas á adquisición de infraestruturas inventariables para a investigación</p> <p>Denominador – Número de Persoal Docente e Investigador doutor da universidade no ano n-1</p>		
Características	Periodicidade	Ano natural	
	Fonte de información	Universidade	
	Forma de repres.	Ingresos € con dous decimais	
Nivel de agregación/ desagregación	Por universidade e ano natural		
Exemplo			
Especificacións	Indicar o valor obxectivo Sentido positivo.		

Código	ISUG-10	Data de actualización	XX/XX/XXXX
Denominación	Resultados de investigación. Patentes en explotación		
Descrición	Recole por Universidade o número de patentes, así coma os modelos de utilidade, en explotación na Oficina Española ou Europea de Patentes no ano (n-1) por PDI doutor, pertencente aos planteis da Universidade no ano (n-1).		
Xustificación			
Forma de cálculo	$ISUG - 10 = \frac{\text{Nº de patentes e rexistros de software concedidos}}{\text{PDI doutor}}$ <p>Numerador – Número de patentes e modelos de utilidade concedidas ao Persoal Docente e Investigador da universidade na Oficina Española ou Europea de Patentes no ano n-1</p> <p>Denominador – Número de Persoal Docente e Investigador doutor da universidade no ano n-1</p>		
Características	Periodicidade	Ano natural	
	Fonte de inf.	Universidade	
	Forma de representación	Número con cinco decimais	
Nivel de agregación/ desagregación	Por universidade e ano natural		
Exemplo			
Especificacións	Indicar o valor obxectivo Sentido positivo		

Código	ISUG-11	Data de actualización	XX/XX/XXXX
Denominación	Ingresos por transferencia		
Descrición	Ingresos liquidados nos orzamentos das universidades por importes liquidados no ámbito do art. 83 da LOU: contratos e convenios formalizados con terceiros para a prestación de servizos de investigación, consultaría e asesoramento. Exprésase como Ingresos procedentes desta actividade por Persoal Docente e Investigador (PDI) doutor.		
Xustificación			
Forma de cálculo	$ISUG - 11 = \frac{\text{Ingresos por transferencia}}{\text{P. D. I. doutor}}$ <p>Numerador – Recolle ingresos procedentes da contratación con terceiros ao amparo do art. 83.1 da Lei Orgánica 6/2001 de Universidades.durante o ano n-1</p> <p>Denominador – Número de Persoal Docente e Investigador doutor da universidade no ano n-1</p>		
Características	Periodicidade	Ano natural	
	Fonte de información	Universidade	
	Forma de representación	Ingresos en € con dous decimais	
Nivel de agregación/ desagregación	Por universidade e ano natural		
Exemplo			
Especificacións	Indicar o valor obxectivo Sentido positivo		

Código	ISUG-12	Data de actualización	XX/XX/XXXX
Denominación	Alumnos de intercambio		
Descrición	Número de alumnos de intercambio (tanto entrantes como saíntes) que participan de programas de intercambio internacional con universidades estranxeiras entre o Número total de estudantes en grao e posgrao.		
Xustificación			
Forma de cálculo	$ISUG - 12 = \frac{\text{Alumnos de programas de intercambio internacional}}{\text{Alumnos matriculados na universidade}}$ <p>Numerador – Número de alumnos de intercambio (tanto entrantes como saíntes) que participan de programas de intercambio internacional (ERASMUS, Leonardo,...) de alumnos no curso n-1/n</p> <p>Denominador – Número de alumnos matriculados na universidade no curso n-1/n</p>		
Características	Periodicidade	Curso académico	
	Fonte de inf.	Universidade	
	Forma de rep.	Número con dous decimais	
Nivel de agregación/ desagregación	Por universidade e curso académico		
Exemplo			
Especificacións	Indicar o valor obxectivo Sentido positivo Mientras sigan existindo titulacións non adaptadas ao Espazo Europeo de Ensino Superior deben agregarse tamén o Número total de alumnos matriculados nunha licenciatura, diplomatura ou enxeñaría, así como estudos de terceiro ciclo no curso 2009/2010		

Código	ISUG-13	Data de actualización	XX/XX/XXXX
Denominación	Número de meses de estancia en universidades estranxeiras		
Descrición	Registra o número total de meses de estancia que realizan o PDI da universidade en universidades e centros de investigación estranxeiros con respecto ao número total de PDI da universidade. (As estancias deben ser superiores a 15 días)		
Xustificación			
Forma de cálculo	$ISUG - 13 = \frac{\text{Nº de meses de estancia do PDI en países estranxeiros}}{\text{PDI total da universidade}}$ Numerador – Número de meses de estancia do PDI en países estranxeiros durante o ano n-1 Denominador – Número de PDI da universidade no ano n-1		
Características	Periodicidade	Ano natural	
	Fonte de información	Universidade	
	Forma de representación	Número con dous decimais	
Nivel de agreg./desag.	Por universidade e ano natural		
Exemplo			
Especificacións	Indicar o valor obxectivo Sentido positivo		

Código	ISUG-14	Data de actualización	XX/XX/XXXX
Denominación	Acción social (Formación en valores)		
Descrición	Representa a porcentaxe de alumnos participando en programas de voluntariado, participación e cooperación desenvolto como acción directa dos membros da comunidade universitaria interesados en destinar parte do seu tempo a acción voluntaria de maneira activa.		
Xustificación			
Forma de cálculo	$ISUG - 14 = \frac{\text{Nº de alumnos de voluntariado, participación e cooperación}}{\text{Número total de alumnos da universidade}}$		
Características	Periodicidade	Curso académico	
	Fonte de información	Universidade	
	Forma de representación	Número con dous decimais	
Nivel de agreg./desag.	Por universidade e curso académico		
Exemplo			
Especificacións	Indicar o valor obxectivo Sentido positivo Mentres sigan existindo titulacións non adaptadas ao Espazo Europeo de Ensino Superior deben agregarse tamén o Número total de alumnos matriculados nunha licenciatura, diplomatura ou enxeñaría, así como estudos de terceiro ciclo no curso 2009/2010		

Código	ISUG-15	Data de actualización	XX/XX/XXXX
Denominación	Número de teses lidas en lingua galega		
Descrición	Número de teses escritas e aprobadas en lingua galega no ano n respecto ao número de teses aprobadas na universidade		
Xustificación			
Forma de cálculo	$ISUG - 15 = \frac{\text{Nº de teses lidas (aprobadas) en lingua galega no ano n}}{\text{Nº de teses lidas (aprobadas) na universidade no ano n}}$ <p>Numerador – Número de teses lidas (aprobadas) en galego na universidade no ano n-1 Denominador – Número de teses lidas (aprobadas) na universidade no ano n-1</p>		
Características	Periodicidade	Ano natural	
	Fonte de información	Universidade	
	Forma de representación	Número con dous decimais	
Nivel de agreg./desag.	Por universidade e ano natural		
Exemplo			
Especificacións	Indicar o valor obxectivo Sentido positivo		

Código	ISUG-16	Data de actualización	XX/XX/XXXX
Denominación	Porcentaxe de PAS en programas de formación		
Descrición	Rexistra a porcentaxe de PAS da universidade que participou en programas de formación durante o ano n		
Xustificación			
Forma de cálculo	$ISUG - 16 = \frac{\text{Nº de PAS que participan en programas de formación}}{\text{Nº total de PAS}}$ <p>Numerador – Número do Persoal de Administración e Servizos da universidade que no ano n-1 participou en programas de formación Denominador – Número do Persoal de Administración e Servizos da universidade no ano n-1</p>		
Características	Periodicidade	Ano natural	
	Fonte de información	Universidade	
	Forma de representación	Número con dous decimais	
Nivel de agregación/desagregación	Por universidade e ano natural		
Exemplo			
Especificacións	Indicar o valor obxectivo Sentido positivo		

Código	ISUG-17	Data de actualización	XX/XX/XXXX
Denominación	Certificacións de implantación de sistemas de calidade da xestión		
Descrición	Rexistra a porcentaxe de servizos ou centros de xestión da universidade que teñen unha certificación de implantación de sistemas de calidade da xestión.		
Xustificación			
Forma de cálculo	$ISUG - 17 = \frac{\text{Nº de servizos ou centros con certificación de sistemas de calidade da xestión}}{\text{Nº total de servizos ou centros}}$ <p>Numerador - Número de servizos ou centros de xestión da universidade que teñen unha certificación de implantación de sistemas de calidade da xestión no ano n-1</p> <p>Denominador - Número de servizos ou centros de xestión da universidade no ano n-1</p>		
Características	Periodicidade	Ano natural	
	Fonte de información	Universidade	
	Forma de representación	Número con dous decimais	
Nivel de agregación/ desagregación	Por universidade e ano natural		
Exemplo			
Especificacións	Indicar o valor obxectivo Sentido positivo		

Código	ISUG-18	Data de actualización	XX/XX/XXXX
Denominación	Alumnos matriculados na súa opción preferida nos campus de Ferrol/Lugo/Ourense e Pontevedra		
Descrición	Rexistra a matrícula de novo ingreso en primeira opción de preinscrición respecto á matrícula de novo ingreso. Calcúlase coma a porcentaxe de estudantes que se matriculan por primeira vez en graos na súa primeira opción de preinscrición nos campus de Ferrol/Lugo/Ourense e Pontevedra sobre o número total de alumnos que se matriculan por primeira vez en graos.		
Xustificación			
Forma de cálculo	$ISUG - 18 = \frac{\text{Número de estudantes que se matriculan na súa 1ª opción}}{\text{Número total de alumnos que ingresan en graos}}$ <p>Numerador – Número de alumnos que se matriculan por primeira vez en graos na súa primeira opción de preferencia no curso n-1/n nos campus de Ferrol/Lugo/Ourense e Pontevedra</p> <p>Denominador – Número total de estudantes que ingresan por primeira vez en graos no curso n-1/n nos campus de Ferrol/Lugo/Ourense e Pontevedra</p>		
Características	Periodicidade	Curso académico	
	Fonte de inform.	Universidade	
	Forma de representación	Número con dous decimais	
Nivel de agreg./ desag.	Por universidade (Campus) e ano natural		
Exemplo			
Especificacións	Indicar o valor obxectivo Sentido positivo (Incrementar en _ puntos porcentuais a adecuación da oferta da universidade á demanda dos estudantes)		

Código	ISUG-19	Data de actualización	XX/XX/XXXX
Denominación	Producción científica nos campus de Ferrol/Lugo/Ourense e Pontevedra		
Descrición	Nº de artigos en revistas científicas incluídas nas bases de datos ISI/JCR ponderados polo índice de impacto da publicación, publicados durante o ano n polo PDI doutor dos campus de Ferrol/Lugo/Ourense e Pontevedra no ano n respectivamente		
Xustificación			
Forma de cálculo	$ISUG - 19 = \frac{\text{Nº de artigos en revistas ISI - JCR (Ponderadas)}}{\text{P. D. I. doutor}}$ Numerador - Nº de artigos en revistas científicas incluídas nas bases de datos ISI/JCR publicados polo PDI dos campus de Ferrol/Lugo/Ourense e Pontevedra ponderado polo índice de impacto da publicación, publicados durante o ano n-1 Denominador - Número de Persoal Docente e Investigador doutor dos campus de Ferrol/Lugo/Ourense e Pontevedra no ano n-1		
Características	Periodicidade	Ano natural	
	Fonte de inf.	Universidade	
	Forma de repres.	Número con dous decimais	
Nivel de agregación/ desagregación	Por universidade (Campus) e ano natural		
Exemplo			
Especificacións	Indicar o valor obxectivo Sentido positivo Se un artigo é asinado por varios autores que pertencen ao PDI da mesma universidade só se considerará como un artigo.		

Código	ISUG-20	Data de act.	XX/XX/XXXX
Denominación	Sexenios nos campus de Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra		
Descrición	Rexistra a porcentaxe que representan os sexenios de investigación recoñecidos pola Administración del Estado hasta o ano (n) sobre o total dos sexenios posibles que corresponden ao PDI que ten praza nos campus de Ferrol/Lugo/Ourense e Pontevedra da Universidade no ano (n), é dicir, relación porcentual entre o número de sexenios concedidos aos profesores e o número total posible de sexenios destes profesores.		
Xustificación			
Forma de cálculo	$ISUG - 20 = \frac{\text{Nº de sexenios concedidos ao PDI Doutor}}{\text{Nº total de sexenios posibles do PDI Doutor}} * 100$ Numerador - Número de sexenios concedidos aos profesores doutores que ten praza nos campus de Ferrol/Lugo/Ourense e Pontevedra ata o ano n-1 Denominador - Número de sexenios posibles que corresponderían ao conxunto dos profesores doutores que ten praza nos campus de Ferrol/Lugo/Ourense e Pontevedra ata o ano n-1. A determinación dos sexenios posibles do profesorado realizarase atendendo á data na que cada profesor adquire o carácter de funcionario, de maneira que os anos que leva nesa categoría divididos por seis darannos os sexenios posibles		
Características	Periodicidade	Ano natural	
	Fonte de inf.	Universidade/Minist. de Educación	
	Forma de repres.	Número con dous decimais	
Nivel de ag./ desag.	Por universidade (Campus) e ano natural		
Exemplo			
Especificacións	Indicar o valor obxectivo Sentido positivo É posible que esta estatística estea dispoñible no Ministerio de Educación.		

VII.- FINANCIAMENTO ESTRUTURAL

Estará composto polas seguintes ferramentas:

- Subvención fixa e subvención extraordinaria SUG,
- Subvención por capacidade investigadora e
- Subvención para a compensación dos custos inducidos pola normativa estatal e autonómica

■ SUBVENCIÓN FIXA

O punto de partida deste compoñente do financiamento das universidades galegas será a cantidade necesaria para acadar o principio de suficiencia estática, dotando da estabilidade necesaria ás institucións de educación superior da nosa comunidade autónoma.

Manter para o novo plan este principio de suficiencia estática reflicte recoñecer dous feitos:

- En primeiro lugar, é certo que as necesidades de gasto corrente deberían definirse sobre as prestacións básicas que debe ofertar cada universidade. Para iso, é necesario que exista un cálculo previo dos custos asociados á prestación de servizos. A ausencia, polo momento, dun sistema de información homoxéneo sobre os custos impide empregar este tipo de mecanismo. Como mínimo até o ano 2013.
- En segundo lugar, recoñecer a pouca marxe de manobra que ten a tan curto prazo o sistema universitario galego para modificar a súa estrutura de gastos correntes.

Isto non supón entrar nun modelo de financiamento cuxa referencia inicial sexa o gasto total do ano anterior á súa posta en práctica. Tampouco que sirva para perpetuar desigualdades entre as universidades do SUG.

Para o ano 2011, as contías que corresponderán a cada universidade neste apartado calcularanse en base ás porcentaxes que viñan sendo aplicadas para a distribución da subvención non condicionada do anterior plan (USC, 43,78%; UDC, 26,11%, UVI, 30,11%), tendo en conta o peso relativo de cada unha das universidades en docencia, investigación e transferencia de coñecemento.

Na seguinte táboa, a título informativo, inclúense as contías recibidas por cada unha das universidades do SUG, no exercicio 2010, en concepto de transferencias correntes segundo a estrutura do Plan de Financiamento 2010-15 :

EXERCICIO 2010	UDC	UVIGO	USC	TOTAL
Financiamento incondicionado*	67.340.077,27	77.651.637,56	112.895.743,17	257.887.458,00
Fondo de Calidade:	7.790.034,07	9.166.754,82	16.263.999,37	33.220.788,26
Sexenios	1.482.414,77	1.848.631,61	4.728.697,34	8.059.743,72
Complementos retributivos	1.633.700,00	1.787.500,00	2.990.900,00	6.412.100,00
Contratos-programa	2.687.322,30	2.804.756,98	3.333.800,07	8.825.879,35
Apoio á Investigación	1.986.597,00	2.725.866,23	5.210.601,96	9.923.065,00
Fondo de Nivelación	3.379.581,92	2.519.869,08		5.899.451,00
INEF - Coruña	3.066.120,00			3.066.120,00
SERGAS-prazas vinculadas	1.198.429,85	63.667,28	5.158.978,89	6.421.076,02
Complemento Plan Financiamento c.IV	2.685.507,70	3.096.730,50	4.502.257,80	10.284.496,00
Novos complementos autonómicos	1.170.267,00	1.445.466,00	3.610.950,00	6.226.683,00
TOTAL	86.630.017,81	93.944.125,24	142.431.929,23	319.939.952,28

* Cifra previa á redución do 5% sobre a masa salarial no 2º semestre en aplicación da normativa estatal.

No ano 2011 manteranse os criterios de reparto que viñan sendo aplicados no anterior plan de financiamento. Nembargante a partir de 2012 as porcentaxes de reparto poderán sufrir modificacións en función da aplicación dos novos criterios que se aplicarán a partir dese exercicio a un 5% da Subvención Fixa. Esta porcentaxe incrementarase nun 5% anualmente de xeito que ao finalizar o período de vixencia do presente plan, ano 2015, o 20% desta subvención distribuirase en base aos novos criterios.

■ Incorporará os gastos de funcionamento da axencia para a calidade do sistema universitario de Galicia (ACSUG).

A axencia ten entre as súas tarefas:

- Avaliacións do profesorado para a súa carreira profesional

- Avaliacións para a obtención de complementos retributivos
- Avaliacións dos títulos do sistema
- Avaliación e seguimento dos sistemas de garantía interna de calidade dos centros
- Avaliación dos procedementos de avaliación da actividade docente
- Realización de estudos anuais de inserción laboral dos egresados
- Avaliación dos programas de consolidación para grupos de investigación
- Seguimento de titulacións de grao e posgrao

Todas estas actividades fan un alicerce central da mellora da calidade do sistema universitario galego.

■ **Incorporará os gastos de funcionamento dos Consellos Sociais das universidades públicas galegas**

No artigo 14 da Lei 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, defínese o Consello Social como o órgano de participación da sociedade na universidade.

Corresponde ao Consello Social a supervisión das actividades de carácter económico da universidade e do rendemento dos seus servizos e promover a colaboración da sociedade no financiamento da universidade.

Aprobará un plan anual de actuacións destinado a promover as relacións entre a universidade e a súa contorna cultural, profesional, económico e social ao servizo da calidade da actividade universitaria.

Así mesmo, correspóndelle a aprobación do orzamento e da programación plurianual da Universidade, a proposta do Consello de Goberno e aprobar as contas anuais da Universidade e as das entidades que dela poidan depender.

Para o adecuado cumprimento das súas funcións, disporá dunha organización de apoio e de recursos suficientes.

Para o cumprimento destas disposicións, parece necesario garantir a súa autonomía financeira, de maneira individualizada e permanente, dentro dos orzamentos de cada universidade pública galega.

■ SUBVENCIÓN POR CAPACIDADE INVESTIGADORA

Esta ferramenta recollerá accións para impulsar a capacidade investigadora do SUG, desenvolvendo o seu potencial en recursos humanos e infraestruturas promovendo a colaboración entre os diferentes axentes do sistema de I+D+I.

Tamén incluírá liñas de actuación sobre infraestruturas de apoio á investigación como bibliotecas, unidades de transferencia de resultados ...

Incorporará novas actuacións segundo se vaian desenvolvendo sistemas precisos e homoxéneos de contabilidade dos gastos indirectos das investigacións.

■ SUBVENCIÓN PARA A COMPENSACIÓN DOS CUSTOS INDUCIDOS POLA NORMATIVA ESTATAL E AUTONÓMICA

Os cambios normativos adoitan producir aumentos de custos en moitas actividades universitarias. Estes aumentos poden proceder de normativa de rango estatal ou autonómico.

Este problema non é exclusivo das universidades. Case todas as administracións (comunidades autónomas, concellos, deputacións...) tiveron que afrontar executar disposicións para as que non recibiron o financiamento total ou parcial necesario.

Recoñecendo este feito, débense incorporar todas as compensacións que reciben na actualidade as universidades por estas actividades e examinar a necesidade (e a prioridade) das pendentes, con indicación expresa da administración pública competente para o pago das mesmas.

VIII.- FINANCIAMENTO POR RESULTADOS

Este compoñente do novo Plan de Financiamento do SUG 2011-2015 inclúe unha serie de ferramentas cuxa correspondente dotación de fondos terá carácter variable, facendo depender a súa distribución entre as universidades do SUG, dos resultados obtidos por cada unha delas en determinados ámbitos de actuación, sendo imprescindible a achega dos datos e información precisa e veraz por parte das mesmas.

■ SUBVENCIÓN POR RESULTADOS DOCENTES

O incremento dos niveis de calidade do sistema universitario pasa, inevitablemente por esixir e recoñecer aos docentes un compromiso máximo e, recoñecer este esforzo que redunda en beneficio da institución de orixe e, en definitiva do propio sistema. Deste xeito valoraranse as medidas de fomento de actualización e innovación docente promovidas polas universidades, así como as mencións de excelencia obtidas...

■ SUBVENCIÓN POR RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN

A subvención correspondente aos resultados de investigación obtidos por cada universidade, recóllense a través de variables de tipo económico, de posición e de recoñecemento académico.

■ SUBVENCIÓN POR RESULTADOS DE TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA

O seguimento da transferencia de tecnoloxía resulta máis difícil de desenvolver, xa que as variables de medición presentan normalmente variacións de crecemento pequenas, aínda que de gran importancia.

Os fondos destinados a este compoñente do plan distribuiranse mediante convocatorias en réxime de concorrencia competitiva así como por medio de contratos-programa

individualizados para cada unha das universidades do SUG. Nestes instrumentos de reparto recollerase a situación de partida e estableceranse os obxectivos de mellora para cada unha das sete áreas de acción recollidas no apartado VI deste documento.

Para estes efectos artellaranse no tempo de vixencia deste plan dous contratos-programa para cada unha das universidades:

- Contrato-programa para o 2011-2012
- Contrato-programa para o 2013-2015

As medicións dos resultados realizaranse aplicando o panel de indicadores aprobado polo Consello Galego de Universidades.

IX.- FINANCIAMENTO POR MELLORA DA CALIDADE

■ SUBVENCIÓN POLA MELLORA DA CALIDADE DOS RESULTADOS UNIVERSITARIOS

Recollerá actuacións dirixidas á mellora de aspectos formativos, investigadores e de creación de infraestruturas.

Os créditos previstos inicialmente para esta subvención no ano 2011 distribuiranse entre as tres universidades do SUG en base ás porcentaxes de reparto que se viñan aplicando ao Fondo Incondicionado do anterior plan de financiamento. Será a partir do 2012 cando esta distribución se vincule directamente ao cumprimento das medidas previstas nos Planos de Sustentabilidade para os anos 2011, 2012 e 2013, que cada universidade deberá presentar no primeiro ano de vixencia do presente plan. Deste xeito serán criterios de eficacia e eficiencia na xestión económico financeira e na planificación académica, os que determinen a contía recibida por cada unha das universidades públicas galegas por este concepto.

Así mesmo, considerarase Financiamento por Mellora da Calidade as transferencias que puideran materializarse mediante a sinatura de convenios, acordos...cos distintos departamentos da Xunta de Galicia, priorizando aqueles que teñan como finalidade algunha das seguintes:

- Apoio á implantación do sistema docente e dos obxectivos do Espazo Europeo de Educación Superior,
- Mellora das infraestruturas dos diferentes campus e colaboración na súa adaptación ás necesidades derivadas do EEES
- Apoio ao mantemento, reforma e adaptación das infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación
- Financiamento de investigacións que se consideren urxentes ou de especial interese para a Consellería correspondente

- Masters oficiais que melloren a calidade da oferta académica do sistema universitario galego
- Apoio para a inserción laboral dos titulados do SUG
- Colaboración e apoio á mobilidade dos estudantes do SUG
- Apoio a accións sociais, culturais, deportivas ou de voluntariado dirixidas ao alumnado universitario galego.

X.- PLANS DE SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DAS UNIVERSIDADES DO SUG

Un dos obxectivos do novo Modelo de Financiamento Universitario, tanto das propias universidades coma das políticas dos Sistemas Universitarios Autonómicos, diríxese a promover unha maior eficiencia e eficacia da xestión económico financeira e da propia planificación académica das Universidades públicas. A nova situación obriga a acelerar un proceso de austeridade, racionalización e aforro nas Universidades, complementando ao novo modelo, que poña as bases futuras da súa sustentabilidade económica e competitividade nacional e internacional.

Iso só pode abordarse mediante o acordo sobre o novo marco universitario no sentido de acelerar plans de austeridade nas universidades que coincidan co período 2011-2013 complementada cunha política de reconsideración estratéxica acorde coa nova situación que afectará sensiblemente á actividade do decenio 2010-2020.

Para tal efecto, no marco do plan de financiamento do sistema universitario galego, considérase necesario que as universidades asinantes do acordo, elaboren estes instrumentos de planificación para a súa remisión á Comunidade Autónoma de Galicia, ao obxecto de proceder á súa consolidación nas actuacións desenvolvidas dentro do seu ámbito territorial de cara ao cumprimento do obxectivo de estabilidade.

Os devanditos plans deberán contemplar as medidas e obxectivos internos a acadar por cada unha das universidades nos exercicios económicos 2011, 2012 e 2013 polo que contemplarán

- unha descrición da situación actual da universidade, e a orixe e xustificación da mesma
- as medidas correctoras, xa aplicadas ou a adoptar a partir da entrada en vigor do plan, para corrixir as evolucións non funcionais
- o escenario de evolución da situación financeira da universidade para acadar, no seu caso, o equilibrio orzamentario.

Unha vez presentado o antedito plan, será examinado por unha comisión constituída *ad hoc* e farase un seguimento anual do mesmo, avaliando os resultados obtidos por cada institución en función de criterios de eficacia e eficiencia na xestión económico financeira e na planificación académica. Deste xeito determinarase a participación de cada universidade nos fondos destinados ao Financiamento por Mellora da Calidade.